



AXENCIA
GALEGA DAS
INDUSTRIAS
CULTURAIS

MEMORIA 2022



XUNTA
DE GALICIA







AXENCIA
GALEGA
DAS
INDUSTRIAS
CULTURAIS

MEMORIA 2022

XUNTA
DE GALICIA

REALIZACIÓN Axencia Galega das Industrias
Culturais

DESEÑO GRÁFICO Fausto Deseño Asociados

FOTOGRAFÍAS Xabier Belho, Aigi Boga, Óscar
Corral, Nelson Corsino, Xoán Crespo,
Sabela Eiriz, Filipe Ferreira, Tamara de
la Fuente, Esteban de la Iglesia, Manuel
G. Vicente, Miguel Lamas, Miramemira,
Estrella Melero, Conchi Paz, Yannis
Psathas, Marcos Pereiro, Pixelinphoto,
Vanesa Rábade, Damián Varela, Belén
Vázquez, Rubén Vilanova, cesións
externas e arquivo da Axencia Galega das
Industrias Culturais

IMPRIME Alvanova

DEPÓSITO LEGAL C 865-2023

Santiago de Compostela, 2023

AGADIC

Axencia Galega
das Industrias Culturais

MEMORIA 2022

Axencia Galega das Industrias Culturais

Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades - Xunta de Galicia

Cidade da Cultura de Galicia. Monte Gaiás, s/n

15707 Santiago de Compostela

Tel: 881 996 078 / 077

agadic@xunta.gal | www.agadic.gal



Se no eido das industrias culturais falabamos de 2021 como o ano da reactivación tras a pandemia, 2022 foi sen dúbida o exercicio da recuperación. Empresas e profesionais do audiovisual, a escena e a música puideron por fin ofrecerlle ao público o seu talento, produtos e servizos sen restricións. Consequimos, en definitiva, a tan desexada volta progresiva á normalidade.

Unha recuperación na que desde a Xunta quixemos participar en todo momento, co mesmo empeño co que nos anos precedentes acompañamos o sector para paliar as consecuencias da crise sanitaria na súa actividade, fundamental para a economía e o benestar social, e para garantir que a cultura seguise.

Por este motivo, ao longo de 2022 puxemos os Fondos Next Generation EU ao servizo das nosas industrias culturais, co obxectivo de impulsar máis medidas a prol da xeración de oportunidades que lles permitisen explotar toda a súa potencialidade de creación e de produción. Tamén o Hub Audiovisual e da Industria Cultural Galega, financiado con fondos React-UE, mostrouse neste sentido como un instrumento certo e capaz de canalizar as repostas ás necesidades transmitidas polo propio sector.

Esta memoria de actividade ofrece un percorrido a través do amplo traballo de apoio á cultura galega desenvolvido pola Axencia Galega das Industrias Culturais. A través del pódense comprobar os froitos do diálogo constante e da unión de esforzos polos que sempre apostamos, así como valorar con perspectiva o camiño andado e os avances conseguidos de xeito conxunto cos axentes implicados.

Grazas ás súas industrias, a cultura é un potente motor de cambio, dinamización e transformación social co que contan os pobos, que ven nela reflectida a súa identidade tanto nas expresións máis tradicionais coma nas máis vangardistas.

En Galicia debemos sentirnos orgullosos de todos os profesionais que desde moi diversas responsabilidades fan posible que cada día teñamos á nosa disposición unha rica axenda cultural para disfrutar de xeito compartido, satisfacendo así as nosas necesidades de coñecemento, de entretemento e de interacción.

Con esta publicación queremos darlle visibilidade a ese labor, achegándolle ao público unha completa panorámica cultural do ano 2022. Nela podedes coñecer contidos, medidas e accións, pero tamén axentes, colectivos e institucións que participan de cada unha delas, facendo medrar o noso acervo e a nosa proxección exterior.

Román Rodríguez González

CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

A través desta nova memoria de actividade queremos achegarvos o labor desenvolvido ao longo de 2022 pola **Axencia Galega das Industrias Culturais** en colaboración cos axentes do sector para o impulso de tres piares básicos no noso sector cultural como son o audiovisual, a escena e a música.

■ Cun orzamento superior aos 22 millóns de euros, consolidamos liñas de apoio e puxemos en marcha novas medidas diferenciadas para cada un destes eidos, atendendo sempre as necesidades e demandas reais de empresariado, creadores, profesionais e colectivos cos que traballamos en contacto constante, escoita permanente e sempre man tendida. ■

O resultado deste esforzo orzamentario reflíctese nesta compilación de todas as accións realizadas para apoiar a creación, a produción, a difusión e a exhibición, para facilitar a formación e a innovación e, en definitiva, para promover a dinamización da nosa cultura desde unha industria propia. Buscamos así darlle as ferramentas e os fondos precisos para que Galicia conte cun sector cultural sólido e capaz de afrontar novos retos.

Para conseguilo aumentamos as convocatorias de liñas de subvencións a 19, tres máis que no exercicio anterior, cun orzamento que sumou máis de 12 millóns de euros e que beneficiou máis de 400 proxectos.

No eido audiovisual sumamos novas axudas dirixidas especificamente ao sector dos videoxogos, impulsamos o desenvolvemento de paquetes de propostas a prol da recuperación e reforzamos o apoio ás salas de exhibición cinematográfica. Estas iniciativas, xunto coas xa instauradas de apoio a festivais, promoción do talento, produción, comercialización e atracción de rodaxes sumaron preto de 7 millóns de euros e beneficiaron 113 proxectos.

A contía de 1,4 millóns de euros destinada ás subvencións á escena impulsou un cento de proxectos de creación e distribución así como festivais e programación de salas de exhibición. A estas habituais liñas de apoio sumouse en 2022 a dos premios literarios que convocamos con carácter bienal.

En canto á música, investimos máis de 1,9 millóns de euros distribuídos entre máis dun cento de iniciativas. Entre elas, cómpre sinalar como novidade a selección dunha entidade colaboradora para a xestión do programa da aceleradora cultural de proxectos musicais, na que resultou adxudicataria a Fundación Paideia Galiza. Neste eido puxemos o acento especialmente na difusión, co apoio

a festivais, salas privadas para habilitar espectáculos musicais e á promoción e xiras de diferentes artistas e proxectos.

A nosa aposta pola difusión e a exhibición levounos tamén a impulsar unha nova subvención para a modernización e xestión sustentable das infraestruturas escénicas e musicais, dotada con 1,2 millóns de euros e que beneficiou medio cento de espazos públicos e privados.

E todo isto mantendo os habituais circuitos de programación, como o programa *Cultura no Camiño*, a Rede Galega de Teatros e Auditorios ou *Danza 3*. Nesta liña, en 2022 tamén seguimos sumando iniciativas co novo programa *Territorio Cultura*, creado co obxectivo de ampliar e diversificar a oferta cultural en áreas rurais.

No impulso de moitas das novas medidas tivo un papel fundamental o Hub Audiovisual e da Industria Cultural, creado en 2021 con axudas financiadas ao 100% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) dentro do eixe React-UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da Unión Europea á pandemia da covid-19. Concretamente, o fondo de captación de rodaxes, as novas axudas para a promoción de videoxogos, o apoio ao desenvolvemento de paquetes de propostas audiovisuais e á difusión de proxectos musicais profesionais, e as subvencións da Rede Galega de Música en Vivo lanzáronse ao abeiro deste instrumento.

O Mecanismo Europeo de Recuperación e Resiliencia dos Fondos Next Generation EU foi outra ferramenta que nos permitiu en 2022 ampliar as accións de apoio ás industrias culturais. A través dela puxemos á disposición do sector innovadoras iniciativas como axudas ás salas de exhibición cinematográfica e ás infraestruturas

de artes escénicas e musicais, a aceleradora cultural de proxectos musicais e o devandito programa *Territorio Cultura*.

Desde un punto de vista interno, ao longo do ano seguimos traballando e colaborando cos axentes implicados para impulsar melloras específicas para audiovisual, escena e música. Neste sentido cómpre salientar o avance realizado no *Plan Integral para a Danza de Galicia*, ultimado ao peche de 2022 e que recolle as prioridades de mellora neste eido xa consensuadas co sector.

Por outra banda, non podemos esquecer que en 2022 se prolongou a celebración do Xacobeo, o que se traduciu nunha programación especial que beneficiou sobre todo o eido musical levando por diferentes puntos do territorio galego diversas propostas.

Esta é só unha rápida panorámica do que atoparedes nas seguintes páxinas de xeito debullado. Agardamos que vos axuden a coñecer mellor as nosas industrias culturais e o valor económico, artístico e social que representan para Galicia.



AGADIC
MEMORIA
2022

Axencia Galega das Industrias Culturais

CONSELLO REITOR

Presidente

Román Rodríguez González

Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia

Vogais

Jacobo Sutil Nesta

Director da Axencia Galega das Industrias Culturais

Jorge Atán Castro

Secretario xeral técnico e do Patrimonio da Consellería de Facenda e Administración Pública

Manuel Vila López

Secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

Anxo M. Lorenzo Suárez

Director xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

Fernando Guldrís Iglesias

Director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

ORGANIGRAMA

DIRECCIÓN

Jacobo Sutil Nesta

COORDINACIÓN XERAL E XERENCIA

María Á. Antón Vilasánchez

DEPARTAMENTO DE XESTIÓN

María José Felípez Regueira

DEPARTAMENTO DE FOMENTO E PROMOCIÓN DE POLÍTICAS CULTURAIAS

María Teresa de Arcos Rey

DEPARTAMENTO DE POLÍTICA AUDIOVISUAL

María Dolores Meijomín Rodríguez

DEPARTAMENTO DE PRODUCCIÓN TEATRAL

Francisco Javier Núñez Alonso

DEPARTAMENTO DE MÚSICA E DANZA

María del Pilar Portela Vázquez

Sumario

21

1 | Audiovisual

- Apoio á creación
- Apoio á difusión
- Formación e divulgación
- Atracción de rodaxes
- Outras accións

43

2 | Escena

- Apoio á creación
- Apoio á difusión
- Formación e innovación
- Outras accións de dinamización
- Producións e coproducións de espectáculos

69

3 | Música

- Apoio á produción
- Apoio á difusión e distribución
- FESTIVAIS
- SALAS DE CONCERTOS
- OUTROS CIRCUITOS DE DIFUSIÓN
- Formación e innovación
- Outras accións de internacionalización e promoción

89

4 | Accións transversais

- Territorio Cultura
- Culturalgal

97

5 | Anexos

- 1. Liñas de subvención
- 2. Convenios
- 3. Programación de espectáculos





1 | AUDIOVISUAL





O noso compromiso co audiovisual como eido estratéxico das industrias culturais e da promoción de Galicia e do seu talento no exterior traduciuse en 2022 nun importante impulso a través de novas liñas de axudas e do incremento ou consolidación das xa existentes, co obxectivo de acompañar os proxectos desde a súa creación ata a exhibición, tanto en salas coma en eventos de carácter local, nacional e internacional. ■ Moitas das medidas desenvolvéronse a través do Hub Audiovisual e da Industria Cultural Galega, posto en marcha en 2021 e que supuxo un instrumento fundamental tanto para a canalización dos fondos europeos como para servirle de punto de apoio a empresas e profesionais. Neste marco de acción abriuse tamén ao sector dos videoxogos, con axudas específicas. ■ A relevancia do audiovisual e o retorno económico que supón para a Comunidade levounos a apostar especialmente pola captación de filmacións no noso territorio, co lanzamento da segunda convocatoria do fondo de atracción de rodaxes e, dando un paso máis, sentando as bases da plataforma Galicia Film Commission. ■ Buscamos así poñer en valor a potencialidade como estudo de gravación das paisaxes naturais e urbanísticas que conforman Galicia, co obxectivo de reforzar os contidos audiovisuais como fonte de riqueza, especialmente nas contornas nas que se producen. ■ A entrada no proxecto internacional *European Writers Club* ou o remate das obras de mellora acometidas na sala José Sellier da Filmoteca de Galicia foron outras accións que marcaron un 2022 moi prolífico no audiovisual.



1.1 Apoio á creación

As novas canles de financiamento á actividade profesional do sector postas en marcha polo Hub Audiovisual da Xunta con fondos europeos, sumadas á continuidade das que xa se viñan convocando de xeito ordinario, propiciaron que 2022 rematase sendo un dos anos de maior investimento e diversidade de accións de apoio neste ámbito.

Así, en 2022 mantivemos a dotación de 2,5 millóns de euros nas **axudas para a produción e coprodución**, principal liña de investimento directo no sector dentro do plan que desenvolvemos cada ano en apoio ao audiovisual.

E como novidade nesta medida dirixida especificamente a produtoras independentes para levar a cabo diferentes modalidades de proxectos de cinema e televisión, incorporáronse dúas novas categorías. Unha delas naceu para longas cinematográficas en coprodución internacional con participación minoritaria española. O obxectivo é incentivar a participación de empresas galegas en proxectos encabezados por produtoras estranxeiras e favorecer así o establecemento de vínculos estratéxicos baseados na alternancia no liderado. A outra subcategoría céntrase nas series documentais en resposta á crecente demanda deste tipo de produtos por parte das plataformas de vídeo baixo demanda.

Resultaron beneficiados 14 filmes presentados por 13 empresas galegas do sector. Trátase de 11 longametraxes (nove de ficción en imaxe real, unha documental e outra de animación), unha serie televisiva documental e dúas curtas, unha de ficción e outra documental.

As propostas son moi diversas en canto a temáticas e xéneros, e a meirande parte delas rodaranse en versión orixinal galega. De feito, nesta adxudicación tivo unha especial relevancia a presenza de obras en versión orixinal en galego que obtiveron subvención, xa que captaron máis de 2.100.000 euros do total disposto.

A gran maioría contou, ademais, con apoio económico da Xunta desde a súa fase de preproducción como adxudicatarias en anos anteriores de distintas convocatorias. Neste caso atópanse, por exemplo, sete das fitas subvencionadas na modalidade de longametraxe de ficción: *As liñas continuas*, da cooperativa Sétima coa directora Anxos Fazáns; *Monstro*, de Gaitafilms co realizador Andrés Goteira; *Onte á noite conquistei Tebas* de Filmika Galaika, unha coprodución con Portugal que dirixirá Gabriel Azorín; *Xusticia Artificial*, de Justicia Artificial e con Simón Casal de Miguel; *Así chegou a noite*, de Maruxiña Film Company e con Ángel Santos; *+Cuñados*, de Portocabo TV e secuela da súa primeira película cinematográfica; e *Tralovento*, de Zeitun Fims e con Eloy Domínguez. A elas súmase a película documental *Recordos. Saúdos. Apertas*, de Rebordelos.

Figuran tamén na listaxe de propostas subvencionadas as longametraxes *San Simón*, presentada por San Simón La Película AIE, e *Para ver o mar*, de TEX45 Producións, así como as curtas *Véxote (e non me entero)*, de Noemí Chantada, e *O son das abellas*, de Fon Cortizo. En canto ás dúas novas modalidades que



se incorporaron en 2022 a esta liña de apoio, Ficción Producciones resultou beneficiaria na categoría de series documentais por *Una historia de crímenes* e Filmika Galaika, na de coprodución internacional con participación minoritaria galega por *As estacións*.

Por medio desta mesma liña de axudas, estreáronse este ano moitos títulos apoiados en anos precedentes, que chegaron así en 2022 ás pantallas de cines e ás plataformas. Entre as longametraxes de ficción subvencionadas podemos citar, por exemplo, *Código Emperador*, de Jorge Coira; *Malencolía*, de Alfonso Zarauza; *O corpo aberto*, de Ángeles Huerta; *Á procura da estrela*, de Carlos Martínez-Peñalver, ou *Cando toco un animal*, de Ángel Filgueira. En animación, asistimos ás estreas de *Unicorn Wars*, de Alberto Vázquez; e *Os demos do meu avó*, de Nuno Beato; en tanto que como producións específicas para televisión asistimos ás de *Operación Marea Negra* en Prime Video, *Rapa* en Movistar Plus+, ou *Sofía Casanova, a obreira do pensamento* en Televisión de Galicia.

O impulso á fase de preproducción de filmes e series para cine e televisión cara á súa rodaxe en anos posteriores consolidou en 2022 o incremento do 15% feito nos orzamentos de 2021 e repetiu en principio a contía de 300.000 euros, unha dotación que se incrementou ata os 380.000 euros para ser resolta en 2023 e chegar a máis proxectos. O obxectivo é apoiar as actividades propias da fase de desenvolvemento anterior á filmación, como as relacionadas coa escrita do guión, financiamento, venda e distribución, xestión de dereitos, investigación ou elaboración de materiais promocionais, entre outras.

Pola súa banda, tras o seu arranque en 2021, o **Hub Audiovisual e da Industria Cultural Galega** consolidou ao longo do seguinte ano a súa vocación de reforzar a posición de Galicia como referente competitivo en toda a cadea de valor da industria cultural e creativa, ademais de funcionar como punto de encontro das empresas culturais para incrementar as súas capacidades e acelerar a súa reactivación.

Esta nova iniciativa de apoio púxose en marcha con axudas financiadas ao 100% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) dentro do eixe React-UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da Unión Europea á pandemia da covid-19. Conta cun investimento de 9,6 millóns de euros durante o período 2021-2023 e ao seu abeiro artéllanse medidas en distintos eidos, todas elas consensuadas co sector.

A primeira medida do ano materializouse xa en xaneiro coa convocatoria dunha liña de subvencións dotada con 1,2 millóns de euros a modo de capital semente para facilitarlles ás produtoras galegas de cine e televisión o desenvolvemento simultáneo de entre tres e cinco proxectos, de xeito que se multipliquen as posibilidades de éxito cara á súa produción ao tempo que se reactiva a contratación de profesionais e servizos relacionados.

As beneficiarias desta convocatoria extraordinaria enmarcada nos Fondos Next Generation da Unión Europea foron Abano Producións, Cós mica Producións, CTV, Ficción Producciones, Filmika Galaika, Frida Films, Maruxiña Film Company, Miramemira, Portocabo TV, Somadrome Films, Vaca Films Studio, Zeitum Films e Sétima. Cada unha delas recibiu contías que oscilan entre os 65.000 e os 150.000 euros.

Pioneiras a nivel estatal, estas subvencións están inspiradas no modelo Slate Funding do subprograma Media de Europa Creativa. O principal obxectivo é obter unha carteira de proxectos de propiedade industrial galega, con contidos sólidos, ambiciosos e competitivos no mercado global cara á captación doutros financiamentos no mercado internacional. Ao tempo, este investimento redundará nunha reactivación do conxunto da industria, ao aumentar a demanda de propostas e a contratación de profesionais creativos e de servizos relacionados cos procesos previos á produción audiovisual.

En 2022 tamén consolidamos o reforzo na dotación das **axudas á creación audiovisual para a promoción do talento galego**. Así, con 194.000 euros apoiáronse 19 novos proxectos: seis guións, oito curtametraxes, tanto na fase de realización como de posprodución, tres longas de dirección novel, e dúas webseries.

Trátase de subvencións pioneiras no seu eido dentro do panorama español que buscan favorecer a incorporación da nova creación á industria audiovisual galega e promover así a xeración de propostas narrativas de especial valor cinematográfico a prol do enriquecemento cultural.

Os 30.000 euros da modalidade centrada en promover proxectos de escrita de guión distribuíronse entre *A mesma linguaxe (a illa de antes)*, de Claudia Brenlla; *Abellón*, de Fon Cortizo; *Juan Sen Terra*, de Álvaro Fernández Fernández; *Feismo*, de Lorena Iglesias Lista; *Panta rhei*, de Lois Patiño, e *Decorado*, de Alberto Vázquez.

A mesma contía foi para cada unha das adxudicatarias da categoría de longametraxes, *Pausa na prensa*, de Alejandra Aguirre Ordóñez; *Da túa man para a miña*, de Miramemira, e *Deuses de pedra*, de Ángel Santos. Pola súa banda, as webseries *Pulp air*, de Henfunk, e *Nómades*, de Mala Herba Producións, recibiron unha axuda de 15.000 euros cada unha.

Na categoría das curtametraxes, dos 44.000 euros previstos 36.000 foron para a submodalidade de filmes de futuro desenvolvemento, con *O coidado*, de Miguel Canalejo; *Un novo día*, de Gonzalo Javier Caride Baquero; *O monstro e a nena*, de Jorge Juan Costas Mira; *Curmán*, de Alejandro Jato; *Recordar con elas*, de Carmen Méndez Lamas, e *Parafuso*, de Rocío Torres Pumeda. A través da outra submodalidade, destinada a fitas en galego xa rodadas e que realicen os traballos de posprodución na Comunidade, repartíronse 8.000 euros *O íntimo (de vivir unha corentena)*, de Indígena Films, e *Compañeiros*, de Kraken Films.

A maiores, no marco do Hub Audiovisual e da Industria Cultural establecemos por primeira vez un núcleo de medidas destinadas de xeito específico á industria galega dos **videoxogos**, para a que se reservou un millón de euros co obxectivo de favorecer a súa vertebración e desenvolvemento.

A metade desta contía, 500.000 euros, foi para abrir unha liña de axudas para a promoción de videoxogos, da que resultaron adxudicatarias as compañías e proxectos Melgo Cinema con *Pegadas: un cómic dixital e interactivo sobre a desprotección da infancia*, Unha de Romanos con *Paseo virtual por Lucus Augusti*, Iseltec con *Apasiño* e Chessforedi con *Caissa*.



1.2 Apoio á difusión

En 2022 reforzamos o investimento no eido do apoio á difusión coa posta en marcha dunha medida dotada con máis de 500.000 euros para a modernización de 16 espazos de **exhibición cinematográfica** situados en 15 localidades galegas. Con esta contía, procedente do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea, cofinanciamos ata o 80% dos proxectos de innovación, funcionamento dixitalizado e sustentable, captación e fidelización de públicos, e adaptación aos novos hábitos de consumo audiovisual destas salas de cinema que suman 86 pantallas e unha capacidade próxima ás 16.500 butacas.

A través desta nova iniciativa atendemos todas as solicitudes que reunían os requisitos da convocatoria. Así, os espazos subvencionados foron Cinesa Marineda City da Coruña, Minicines Central da Estrada, Cine Avenida de Caldas de Reis, Multicines Bergantiños de Carballo, Duplex Cinema de Ferrol, Codex Cinema de Lugo, Cines Hollywood de Monforte de Lemos, Odeón Multicines de Narón, Multicines Ponte Vella de Ourense, Cinexpo Vialia de Pontevedra, Multicines Barbanza de Ribeira, Cinesa As Cancelas e Numax de Santiago de Compostela, Cines Plaza Elíptica de Vigo, Multicines Gran Arousa de Vilagarcía de Arousa e Cines Viveiro.

A medida supuxo unha nova mostra do noso compromiso coa exhibición cinematográfica ao reforzar nun 140% o investimento neste eido respecto a 2021. Nese ano xa recoñecemos a relevancia destes espazos para o conxunto do sector audiovisual coa posta en marcha dunha liña de apoio específica para contribuír á súa viabilidade e reducir o impacto da crise sanitaria na súa actividade, cun investimento de 350.000 euros.

Por outra banda, no eido da difusión seguimos reforzando a colaboración cos **festivais galegos do sector audiovisual** a través da nosa liña de axudas específica, que volve medrar en 2022 un 5% e ascendeu a 210.000 euros. A suba súmase ás rexistradas desde a súa posta en marcha, en 2015, como recoñecemento do papel esencial que xogan dentro do sistema audiovisual galego e a prol da dinamización cultural, económica e turística das respectivas contornas.

17º MICE. Mostra Internacional de Cinema Etnográfico (28 de marzo-2 de abril). Impulsada polo Museo do Pobo Galego en Santiago de Compostela, abriu o calendario de festivais con 14 filmes a concurso, outros tantos fóra do certame e diversas actividades paralelas para todos os públicos.

Festival Carballo Interplay 2022 (6-9 de abril). Na programación desta novena edición tivo especial protagonismo o formato podcast, así como diferentes proxectos que empregan a rede como altofalante para o activismo, a divulgación e o feminismo. Tamén houbo os habituais espazos dedicados ás webseries, con 16 títulos que competiron nas diferentes categorías da sección oficial.

XVIII Play-Doc Festival Internacional de Documentais de Tui (4-8 de maio). Ofreceu unha ampla selección da produción galega máis recente, con 14 títulos de cineastas de recoñecido prestixio internacional e tamén de novos nomes, así como retrospectivas inéditas en España, competicións internacionais

de longametraxes e curtas e actividades complementarias como mesas en liña ou concertos, entre outros contidos.

19º Festival de Cans de Curtametraxes (17-21 de maio). Celebrado no Porriño, na sección oficial exhibiu 12 filmes, seis deles estreas absolutas. A maiores, o intenso programa incluíu distintas proxeccións, exposicións, encontros, coloquios e concertos. Os recoñecementos honoríficos a nomes clave do audiovisual galego foron para Margarita Ledo Andión, Federico Pérez e Javier Tolentino.

(S8) XIII Mostra Internacional de Cinema Periférico (27 de maio-5 de xuño). Organizada pola ESE8 en diferentes localizacións da cidade da Coruña, ofreceu 138 pezas de 14 países, con 53 estreas internacionais e 47 en España, ademais de presentacións, obradoiros, encontros e outras propostas.

Festival Internacional de Curtametraxes de Bueu (11-24 de setembro). Coa proxección de máis dun cento de curtametraxes e diversas actividades, a programación estruturouse en tres bloques, centrados respectivamente nas curtas, no *MiniFIC*, con sesións familiares, infantís e xuvenís, e nas *Xornadas cinematográficas*, principal novidade desta 14ª edición.

Galician Freaky Film Festival 6Edition (29 de setembro-1 de outubro). Nesta edición, o festival celebrado en Vigo estreou preto de 60 traballos, ademais de ofrecer a habitual sección *PequeFreak* ou o concurso *Curta ou Susto*, entre outros contidos. A película homenaxeada foi *Braindead*, de Peter Jackson.

19º Festival Internacional de Cine Curtocircuíto (1-9 de outubro). Santiago de Compostela acolle tamén este encontro que en 2022 incluíu unha mostra das fitas restauradas de Eugenio Granell, unha escolma de realizadores galegos na sección *Planeta GZ* e un encontro virtual co cineasta Todd Solondz, ademais dun rico programa de actividades paralelas.

Festival de Cine Inclusivo de Vigo (18-22 de outubro). Nesta sétima edición proxectou 47 pezas cunha importante presenza do cinema galego e rendulle homenaxe póstumo ao director Roberto Pérez Toledo, cunha retrospectiva. Ademais, presentouse o documental autobiográfico de Gonzalo Suárez, codirector do festival.

Intersección-Festival de Arte Audiovisual (18-23 de outubro). Desenvolvido en diferentes espazos da Coruña, entre eles a Filmoteca de Galicia, centrou a súa quinta edición na crise ecolóxica e as conexións entre o ser humano e o seu ecosistema e incluíu unha sección infantil coa proxección do programa de animación *Young Animations*, entre outras propostas.

Novos Cinemas-Festival Internacional de Cinema de Pontevedra. Ed 07 (13-18 de decembro) Na súa sección oficial acolleu nove longametraxes inéditas en Galicia e outras catro na sección *Latexos*. Houbo ademais encontros cunha especial pegada luso-galaica e a sección *Foco* tivo como protagonista a cineasta portuguesa Susana Nobre.

A maiores destas citas, colaboramos co **Festival Internacional de Cine de Ourense (OUFF)** a través dun convenio coa Fundación Carlos Velo, entidade organizadora co apoio da Deputación de Ourense.



Na súa 27ª edición, desenvolvida entre o 23 de setembro e o 1 de outubro, presentouse como o epicentro da creación audiovisual galega, con máis de 40 obras de cineastas de Galicia. En total mostrou 87 películas de 26 países repartidas en máis dun cento de sesións. Acolleu tamén diversas actividades paralelas como concertos, exposicións, accións formativas ou rutas cinematográficas pola provincia.

Ademais das colaboracións con salas e diversas entidades a prol da difusión audiovisual, a nosa aposta nesta liña conta desde 1991 cun pilar fundamental como é a **Filmoteca de Galicia**. A través dela ofrecemos unha intensa carteleira de proxeccións, función que sustenta xunto ao labor arquivístico, á conservación do noso patrimonio audiovisual, á difusión da creación cinematográfica e á posta en valor da produción galega a actividade desta institución desde a súa fundación.

O espazo arrincou 2022 nun proceso de renovación integral, no que investimos 138.000 euros para garantirles as mellores condicións de uso tanto a espectadores como ao noso persoal propio.

Así, na cabina elimináronse os distintos niveis de altura, unha intervención que lle brinda ao persoal máis visibilidade desde o exterior e maior amplitude de movementos para poder operar cos distintos proxectores: o dixital, 35 mm e 16 mm. Por outra banda, no patio cambiáronse o teito, as paredes, o chan e os asentos. A distribución actual de 89 butacas favorece a circulación e mais a accesibilidade do público, que gaña en comodidade, mobilidade e seguridade. Ademais a estancia modernizou a súa estética, resaltando as columnas e o arco de pedra que a caracterizan.

Porén, a Filmoteca non cesou por completo a actividade e en marzo ofreceu unha retrospectiva do cineasta xaponés Mikio Naruse que se exhibiu na sede coruñesa da Fundación Barrié. A través desta iniciativa, desenvolvida en colaboración coa Japan Foundation e en paralelo coas filmotecas de Valencia e de Cataluña, así como co Círculo de Belas Artes de Madrid, achegáronse ao público 11 películas deste grande autor a nivel mundial.

As portas abríronse novamente ao público en setembro, cunha sesión inaugural que ofreceu unha dupla sesión. Nela púidose ver *Tres*, coa que se lle deu inicio ao ciclo *Ars Sonora* dedicado ao son no cinema e que se prolongou durante o mes de outubro.

A carteleira concedeulle tamén especial atención ao labor dos arquivos fílmicos a prol da salvagarda, difusión e exhibición do patrimonio cinematográfico. Con este fío condutor e baixo o título *A casa do cinema*, ofrecéronse diferentes documentais ao redor da historia destas entidades, así como pezas sobre a conservación do material de arquivo, que serve en moitas ocasións para crear obras novas.

A programación incluíu, así mesmo, retrospectivas sobre Charles Chaplin, António Campos e Helke Misselwitz conformadas por películas restauradas ou recuperadas por filmotecas de todo o mundo.

No marco do Día Internacional dos Arquivos Fílmicos, en outubro, exhibíronse películas que xiran ao redor do importante labor destas entidades, incluíndo unha homenaxe especial ao Oleksandr Dovzhenko National Centre de Kíiv, o principal arquivo fílmico de Ucraína. A carteleira da Filmoteca completouse



Resumo Filmoteca de Galicia

con proxeccións de pezas do coruñés Alberto Vázquez e cos pases enmarcados nas seccións habituais *Off Galicia*, *Filmoteca Jr.* ou *Desencadres*.

Ademais de continuar o ciclo sobre Charles Chaplin, a carteleira de novembro incluíu o ciclo *Filmes falados*, un panorama polo cine máis recente edificado a partir da palabra, e varios pases dedicados á Mostra Internacional de Films de Dones de Barcelona. O centenario de José Sellier, figura que lle dá nome á sala de proxeccións da Filmoteca, motivou neste mes un coloquio arredor deste pioneiro do cinema galego.

A maiores, a Filmoteca de Galicia sumouse a finais de ano á celebración do centenario do nacemento de María Casares cunha serie de oito películas rodadas en Francia coa actriz coruñesa como protagonista. A programación conmemorativa completouse coa presentación do libro *A única. María Casares*, a cargo da súa autora, a escritora e tradutora francesa Anne Plantagenet, e cunha gravación en directo da produción teatral *Macbeth*, de 1959, na que a actriz galega lle dá vida a Lady Macbeth.

A carteleira de decembro incluíu tamén proxeccións do VI Animación Festival Internacional de Animación da Coruña, o centenario do cineasta experimental Jonas Mekas e as novas citas de seccións habituais, como *Off Galicia*, *Filmoteca Jr.* ou *Banda á parte*.

En total, a Filmoteca de Galicia ofreceu ao longo do ano 123 proxeccións. Así, a sala José Sellier rexistrou 59 xornadas de apertura ao público para acoller 100 sesións de 83 programas e ciclos diferentes. A retrospectiva dedicada a Naruse na Fundación Barrié suma seis días máis de actividade.

Xunto ás sesións realizadas na sede da Coruña, a Filmoteca conta cunha **programación estendida** a través da colaboración cos cineclubs Valle-Inclán de Lugo, Padre Feijoo de Ourense, Pontevedra e Lumière de Vigo. En 2022, estes espazos programaron preto de 40 pases de títulos canalizados pola Filmoteca, cumprindo deste xeito co obxectivo de descentralizar e optimizar a difusión entre o público de todo o territorio galego das películas que conforman a carteleira anual do centro audiovisual da Xunta.

Neste mesmo marco de acción renovouse o convenio coa Federación de Cineclubs de Galicia (Feciga) para achegarles programacións cinematográficas a 13 localidades galegas. A programación do ano artellouse arredor de 12 ciclos e sete semanas de cine que tiveron lugar nos cineclubs Pontevedra, Lumière de Vigo, Adegas de Vilagarcía de Arousa, Cangas, Poleiro de Goián, Bueu, Padre Feijoo de Ourense, Groucho Marx do Barco de Valdeorras, O Carballiño, A Lanterna de Viana do Bolo, Valle-Inclán de Lugo, Val Miñor e Os Papeiros de Chantada.

O acordo supón unha achega económica para deseñar carteleiras arredor de temáticas concretas ou con carácter temporal e manter así un programa estable e de calidade nos cineclubs galegos, ao tempo que contribúe á difusión e creación de públicos para o cinema.

O audiovisual galego conta con outras vías fundamentais de apoio á **difusión exterior** nos catálogos *Shorts from Galicia*, centrado en curtametraxes, e *Films from Galicia*, así como na liña de axudas para a difusión de filmes no circuíto internacional de festivais.



Shorts from Galicia 2022 incluíu traballos que abordan tanto o xénero documental como a ficción dramática. Así mesmo, no catálogo conviven talentos emerxentes como Lucía Estévez (*O niño dos paxaros*), Marta Valverde (*30' 70 60 120'*) ou Rebeca Lar (*As árbores coñecen o son das balas*) con realizadores xa consagrados como Ángel Santos (*Así vendrá la noche*), Eloy Domínguez (*Rompente*) e Lois Patiño (*Sycorax*, codirixida co arxentino Matías Piñeiro), ademais de incluír o debut como directora da actriz Nerea Barros (*Memoria*).

Aínda que algunhas das obras xa foron exhibidas en 2021, a súa meirande parte comezaron o seu percorrido por festivais a comezos de 2022. Así, en Clermont-Ferrand buscouse ampliar as posibilidades de exhibición, reforzando a difusión de *Shorts from Galicia* a través dunha completa axenda de reunións cos representantes de festivais internacionais acreditados no encontro galo. Ademais, as curtas galegas tiveron tamén presenza na retrospectiva que o festival lle dedicou a España como país convidado da 44ª edición.

Nesta programación especial *Foco España*, figuraron catro premiadas producións de creadores galegos: *Birdboy*, de Pedro Rivero e Alberto Vázquez (2010); *Anacos*, de Xacio Baño (2012); *Montaña en sombra*, de Lois Patiño (2013), e *Matria*, de Álvaro Gago (2017). Ao tempo, desenvolveuse *Market Screenings* para o público profesional no que tamén se inclúe *A rabia*, de Alberto Díaz.

Pola súa banda, **Films from Galicia 2022** incluíu 58 títulos que representan unha ampla panorámica da actualidade do noso sector audiovisual. A publicación mantivo a súa estrutura habitual en catro grandes bloques: *Pics* para longametraxes de ficción, con 22 producións e proxectos; *Docs* para documentais, con 19; *Toons* para a sección de animación, con seis; e *TV* para series, miniserias e películas para televisión, con 11 títulos.

As fichas de cada un dos traballos inclúen datos dos equipos, sinopses argumentais e contactos internacionais de cada produtora, así como os principais apoios obtidos polos proxectos, entre os que destacan os recibidos pola Xunta a través das diferentes liñas de axudas ao sector.

Por outra banda, neste marco de acción de **apoio á difusión exterior do audiovisual galego**, en 2022 distribuimos preto de 35.000 euros entre 21 produtoras para o desenvolvemento de diferentes accións de difusión e comercialización en 22 festivais e mercados internacionais de referencia para o sector. O obxectivo é poñer en valor o traballo de produción e creación audiovisual con selo galego, así como situar a nosa Comunidade no mapa cinematográfico mundial.

No caso da modalidade destinada á participación en eventos de cine fóra de Galicia, apoiouse a premiada participación do equipo de *Valentina* na pasada edición dos Goya, onde foi recoñecida como mellor película de animación, así como as estreas de *Código Emperador*, de Jorge Coira, no Festival de Málaga e de *Unicorn Wars*, de Alberto Vázquez, nos de Annecy (Francia) e Sitges.

Tamén recibiron subvencións Tamboura Films para a presentación do documental *No somos nada*, de Javier Corcuera, no Festival Internacional de Cine Independiente de Bos Aires (Bafici) de Arxentina;



Shorts from Galicia



Films from Galicia

Filmika Galaika para *Eles transportan a morte*, de Helena Girón e Samuel M. Delgado, no de Rotterdam (Países Baixos), e Acariño Films para *Los saldos*, de Raúl Capdevila, no Festival de Cine Europeo de Sevilla e no Visions du Réel de Nyon (Suíza).

No certame suízo estivo ademais Diana Toucedo coa súa curtametraxe *Tatuado nos ollos levamos o pouso*, mentres que Lois Patiño viaxou con *El sembrador de estrellas* á Berlinale (Alemaña) e ao New York Film Festival (Estados Unidos) e Zeitun Films ao Festival de Málaga con *Rompente*, de Eloy Domínguez Serén. Este último realizador contou igualmente con apoio a raíz da selección no Festival Internacional de Cine de Xixón da longa documental *Al otro lado del mar*, que codirixiu xunto ao colombiano Samuel Moreno Álvarez.

En canto á modalidade para a comercialización e difusión en foros de negocio, apoiámos a presenza de 13 produtoras galegas en feiras de referencia internacional para o sector. Foi o caso do Marché du Filme e o Mipcom de Cannes (Francia), ata onde se desprazaron Zeitun Films, Tamboura Films e Ficción Producciones. Tamén contaron con presenza galega outros mercados asociados a destacados festivais cinematográficos, como o European Film Market de Berlín, o Mifa Market de Annecy, o Marché du Film Court de Clermont-Ferrand (Francia), o Industry Club de San Sebastian e o Mafiz de Málaga.

No caso deste último, o audiovisual galego tivo unha presenza destacada, coa proxección de nove filmes e a presenza, por primeira vez, dun expositor propio de difusión entre o público profesional acreditado no mercado paralelo, nunha misión comercial realizada co apoio da Xunta. Así, *Código Emperador*, de Vaca Films, inaugurou o certame, no que tamén se presentou a serie *Rapa*, de Portocabo TV.

A maiores destas axudas, colaboramos nas accións promocionais das longametraxes *Unicorn Wars*, dirixida polo realizador e ilustrador Alberto Vázquez, e *Os demónios do meu avô*, na que participa o produtor Xosé Zapata, co gallo da súa presenza no festival internacional de animación da localidade francesa de Annecy. Ambas as longametraxes contaron co noso apoio para a súa produción e formar parte do catálogo *Films from Galicia*.

Tamén apoiámos a difusión fóra de Galicia dos catro filmes finalistas nas categorías de longametraxe e de documental dos Premios Mestre Mateo, organizados pola Academia Galega do Audiovisual coa nosa colaboración. A iniciativa levouse a cabo a través dun acordo coa Secretaría Xeral de Emigración e grazas á implicación dos centros galegos do exterior Instituto Argentino Gallego Santiago Apóstol, Centro Gallego de Montevideo, Hermandad Gallega de Venezuela, Centro Galego de Londres, Asociación Cultural Galega *De Berlín Son*, Centro Gallego de Madrid, Lar Gallego de Sevilla e Centro Gallego de Tarragona.



1.3 Formación e divulgación

En 2022 sumámonos ao proxecto europeo *European Writers Club*, un programa que achega formación e intercambio profesional a nivel internacional, deseñado para inspirar e fomentar a colaboración entre guionistas, produtores e responsables de contido de canles e plataformas televisivas de 40 países. Isto suporá situar a nosa Comunidade como polo destacado da creación audiovisual europea. Realizada unha primeira presentación pública dos obxectivos e metodoloxía no encontro *Seriès Seriès* de Fontainebleau (Francia), *European Writers Club* iniciou a súa andaina baixo o lema «Creando historias xuntos» e cun financiamento de 1M€ da Unión Europea para a execución do seu proxecto piloto, coliderado pola Xunta de Galicia e a entidade Vision Denmark. Ademais de España e Dinamarca, figuran incorporadas institucións públicas e privadas de Estonia, Irlanda, Noruega, Suecia, Finlandia e Islandia, ás que se suman obradoiros internacionais de referencia, como son Le Groupe Ouest (Francia) e Torino Film Lab (Italia).

O proxecto facilita un espazo común no ámbito europeo para que os produtos resultantes poidan competir con maior facilidade nas plataformas VOD e na conquista de audiencias globais, contribuíndo á creación de series de ficción que crucen fronteiras. O obxectivo principal é acelerar o proceso que vai da idea ao mercado, potenciando os temas e contidos locais con capacidade de recepción universal. Para isto, *European Writers Club* proporciona soporte e medios a unha rede internacional que está a xerar ideas e conceptos e que desenvolverá un encontro en Ourense na primavera de 2023.

Tamén no eido da formación e divulgación, cómpre salientar as accións enmarcadas en **Galicia ProFilme**, o noso programa formativo para profesionais da industria audiovisual galega.

A primeira sesión realizouse en febreiro coas series infantís de animación como protagonistas. Nela participou Yago Fandiño, director de *Clan* e de *Contidos Infantís* de RTVE, quen abordou as claves da convocatoria da compañía pública para a coprodución de series infantís de animación ante asistentes entre os que estiveron profesionais dalgunhas das principais empresas dedicadas a este xénero en Galicia.

O seguinte encontro, en abril, centrouse na estratexia audiovisual con perspectiva europea. O relatorio estivo a cargo do produtor dinamarqués Thomas Gammeltoft, director creativo da compañía True Content Entertainment, que se centrou na importancia de adoptar unha perspectiva europea tanto desde o punto de vista da creación ou da produción como das entidades de financiamento público.

En maio houbo unha xornada sobre contidos dixitais e novos media para expoñer as diferentes facetas da creación dixital na nosa Comunidade e contribuír á súa visibilidade. Participaron representantes de cinco firmas galegas cunha destacada actividade —Antaruxa, UrbanSimulations, Avestudio, Manu Viqueira e Sygnatia— que explicaron as súas experiencias e compartiron o visionado de vídeos ilustrativos sobre os seus proxectos máis recoñecidos. Na sesión interveu tamén Manuel Meijide, director do evento *Mundos Digitales*, dedicado á animación, efectos visuais e novos media.

A maiores do noso programa, ao longo de 2022 apoiámos as iniciativas doutras entidades a prol da formación, a divulgación e o encontro arredor do audiovisual.

Foi o caso do congreso internacional *Mundos Digitales*, que reuniu na Coruña máis de 1.200 profesionais do sector da animación, da comunicación audiovisual e dos contidos dixitais. Participamos de xeito activo nesta vixésima edición do evento, no que contamos cun expositor propio para informar das medidas de impulso ao sector dos videoxogos e da creación de contidos no marco do Hub Audiovisual e da Industria Cultural. Ademais, a nosa coordinadora de Política Audiovisual, Dolores Meijomín, participou como relatora nun dos paneis.

O encontro ofreceu ao longo de tres xornadas presentacións, obradoiros, masterclass e proxeccións. Abrangueu tamén o Festival Internacional de Animación, ao que concorreron oito producións finalistas, e a Feira de Emprego, considerada a segunda en relevancia a nivel europeo. O Premio Especial *Mundos Digitales* 2022 recaeu no cineasta e especialista de efectos visuais Paul Franklin.

Apoiamos tamén a primeira edición das residencias de desenvolvemento de proxectos cinematográficos *Proxectos creativos esenciais*, organizada pola Asociación Ser e Oliver Laxe en Navia de Suarna. O encontro xuntou 16 creadores multidisciplinares procedentes de diferentes puntos de Galicia e do resto de España, así como de Bélxica, Cuba e Venezuela para afondar no proceso de posta en marcha das respectivas obras cinematográficas e propiciar sinerxías entre os participantes.

Xa no eido especificamente formativo, continuamos colaborando co ciclo de encontros virtuais *ConectaLAB*, organizado pola Asociación Galega de Profesionais e Realización (CREA) co apoio da Fundación SGAE. Artellado arredor de sete sesións, 14 multifacéticos creadores compartiron diferentes perspectivas á hora de abordar o proceso creativo tanto no cinema coma na televisión.

Así, a directora, guionista e produtora Andrea Jaurrieta afondou no financiamento, produción, distribución e venda de proxectos autorais. Para tratar as series contouse con Claudia Costafreda e Mikel Rueda, e para a montaxe e os procesos de creación colectiva, con Ana Pfaff e Ariadna Ribas, do colectivo Dostopos. Neus Ballús e Gerard Oms reflexionaron sobre o traballo con actores e actrices naturais.

Houbo tamén mesas redondas. Unha delas, centrada nos procesos creativos no cinema de animación, contou cos realizadores Gabriel Bohmer, Khris Cembe e Camila Kater; e outra, sobre procesos de non-ficción, no cinema do eu e na montaxe a partir de material de arquivo, coas creadoras Heidi Hassan, Patricia Pérez e Nuria Giménez. O actor, profesor e director teatral Víctor Duplá pechou o ciclo cun obradoiro práctico sobre o traballo cos intérpretes.

Por outra banda, xunto coa Universidade de Vigo organizamos a 12ª edición de *AUGAL Master Class Audiovisual Galego*. Dirixida a estudantes e profesionais do sector, o seu obxectivo é afondar nos procesos creativos e técnicos do cinema e da televisión, co foco posto na máis recente produción galega.

A primeira das sesións dedicouse á serie *Rapa* co relatorio do seu guionista Pepe Coira e do produtor executivo Alfonso Blanco "Fosco". A serie de Portocabo para Movistar Plus+ foi obxecto doutras dúas



sesións, coa participación do director Jorge Coira e dos compositores Xavi Font e Elba Fernández nunha delas, e do sonidista Diego Staub e o responsable da posprodución, Alfonso Merino na outra.

O xénero documental abordouse da man do equipo de *Welcome to ma maison*, de Gaitafilms, coas intervencións de Andrés Goteira, o seu director, e dos produtores Laura Doval e Suso López. A serie de televisión, *Operación Marea Negra*, producida por Prime Video con Ficción Producciones, centrou outra das sesións coas intervencións de Mamen Quintas e Toni Veiga, produtores executivos.

Xa en decembro proxectouse a longametraxe de terror *Jacinto*, con presentación a cargo do seu director e guionista, Javi Camino, mentres que a xornada de clausura se lles dedicou ás curtametraxes realizadas polo alumnado da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación no curso 2021-2022.

Tamén xunto coa Universidade de Vigo, ademais doutras institucións, colaboramos no **XVIII Curso de verán de extensión universitaria de Celanova (CeMAC 2022)**, impulsado pola Fundación Carlos Casares. Celebrado do 28 de xuño ao 1 de xullo baixo o título *Cinema no bisturi. Deconstruíndo o audiovisual galego actual*, o programa analizou as singularidades da ficción en formato filme a través de exemplos específicos e de éxito no audiovisual, entre outros contidos.

Así, contouse con diferentes integrantes do equipo de *Código Emperador*, de Vaca Films, para ofrecer diversas perspectivas artísticas e técnicas tanto desde o punto de vista da dirección, con Jorge Coira; da produción, con Emma Lustres e Borja Pena; do deseño e posprodución de son, con Diego Staub; dos efectos visuais e sonoros, con Pablo Lamosa e Miguel Barnosa; da música, con Xavi Font e Elba Fernández, ou da dirección de fotografía, con Pablo Rosso.

A maiores, achegouse ao proceso no que se atopaban naquel momento outras catro longametraxes rodadas na provincia de Ourense e noutras localizacións de Galicia, como *Honeymoon*, de Control Z; *13 exorcismos*, de Bambú Producciones; *O home e o can*, de Ézaro Films, e *La manzana de oro*, con Xosé Zapata na coprodución. Ademais, este ano o curso dedicoulle unha sesión especial ás curtas recollidas na edición de 2022 do noso catálogo *Shorts from Galicia*.

Tamén acolleu, por undécimo ano consecutivo, o taller *Celanova, plató de ficción*, baixo a dirección de Paulino Pérez Feijoo. Esta experiencia dirixida ao alumnado de Comunicación Audiovisual da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación da Universidade de Vigo ten como obxectivo a produción dunha peza audiovisual nun tempo determinado e cun orzamento pechado.

No eido da formación queremos subliñar tamén o programa internacional de pedagogía do cine nos centros educativos de primaria e secundaria **Cinema en curso**, que coordinamos a través da Filmoteca de Galicia e a asociación A Bao A Qu no marco do Plan Proxecta+ para a innovación educativa da Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades. En 2023 participaron na iniciativa os CEIPs A Rúa de Cangas, con *Mar de baixura*, e Tenorio de Cerdedo-Cotobade, con *Entre camiños*, así como o CPI O Cruce de Cerceda, que presentou *Ata pronto, adeus*, e o IES Mosteirón de Sada, con *Da madeira ao mar*.



Un ano máis, os seus traballos estreáronse no Salón Teatro en xuño, coa presenza dos tres realizadores que acompañaron os estudantes no desenvolvemento das pezas documentais. Foron Ángel Santos, nos proxectos de Cangas e Cerdedo-Cotobade, Xacio Baño, no de Cerceda, e Otto Roca, no de Sada. Ademais, tres centros, o CEIP Antonio Palacios do Porriño, o CEIP San Cosme de Barreiros e a EEI A Gándara, participaron na modalidade *Experiencias Cinema en curso*, realizando diferentes propostas de creación que se concentraron en pequenas pezas que poden consultarse na web do proxecto.

Cinema en curso forma parte da programación didáctica da Filmoteca de Galicia, na que tamén se insire *Fotografía en curso*. Neste programa participaron o IES Frei Martín Sarmiento e o IES Xunqueira II en Pontevedra, o IES Chamoso Lamas do Carballiño, o IES Pobra do Caramiñal, o EPAPU Nelson Mandela da Lama, o CEE Infanta Elena de Monforte de Lemos, o CEIP Santa María La Real de Entrimo e o CEIP As Fontiñas de Santiago de Compostela. Os centros realizaron diferentes proxectos fotográficos que se concretaron en exposicións ou publicacións, tamén dispoñibles na mesma páxina web.

En canto á programación cinematográfica para escolas e institutos, *Filmoteca Júnior* e *Novas Miradas*, esta viuse interrompida polas obras na sala de proxeccións José Sellier e só se exhibiu un título en dous pases.

En conxunto, participaron nas actividades didácticas da Filmoteca de Galicia no curso 2021-22 máis de 580 estudantes, 53 docentes e 15 centros de toda Galicia.

1.4 Atracción de rodaxes

Por outra banda, tamén dentro do Hub Audiovisual da Xunta lanzamos a segunda convocatoria do **fondo de atracción de rodaxes**. Esta novidosa medida iniciada en 2021 dirixese a empresas galegas que realicen proxectos xunto con produtoras, canles de televisión e plataformas de fóra de Galicia. Con ela búscase impulsar Galicia como escenario habitual de producións cinematográficas e televisivas e garantirles un retorno económico aos territorios que acollen as gravacións, xa que as produtoras beneficiarias comprometen un gasto mínimo na Comunidade.

Desde a súa posta en marcha o fondo apoiou xa a rodaxe dunha decena de proxectos cofinanciados cun orzamento que suma 3,2 millóns de euros e que suporán un retorno económico estimado de 33 millóns de euros, segundo un estudo realizado pola Universidade de Santiago de Compostela.

As propostas seleccionadas en 2022 foron:

Operación Marea Negra. Segunda temporada da miniserie de Ficción Producciones, desta vez en coprodución coa compañía portuguesa Lightbox Comunicação Audiovisual. Nela Daniel Calparsoro regresa á dirección, acompañado por Igor Legarreta. As localizacións elixidas para a rodaxe en Galicia da



continuación da historia inspirada no suceso real do primeiro narcosubmarino interceptado en Europa sitúanse en diferentes espazos da ría de Arousa. O equipo recibiu 350.000 euros.

Amigos hasta la muerte. Proxecto conxunto das produtoras Undodez e Medio Limón, que recibiu 279.000 euros. Con el iníciase na dirección o actor Javier Veiga, quen leva á gran pantalla a obra de teatro homónima. Trátase dunha comedia romántica que nos presenta tres personaxes que roldan os 40 anos de idade. A gravación levouse a cabo en Santiago de Compostela, O Grove e Ourense coa participación de 70 profesionais galegos.

Rapa. Segunda entrega da ficción de Portocabo TV ideada por Pepe Coira e Fran Araújo que, ao igual que en 2021, recibiu 300.000 euros. A nova trama volverá estar protagonizada por Javier Cámara e Mónica López e contará coa intervención dun nutrido grupo de profesionais de Galicia. A rodaxe desenvolveuse entre Cedeira, Fene, Ferrol, Narón e Valdoviño.

Los enviados. Tras unha primeira entrega ambientada e rodada en México, o éxito de Paramount+ no que participa Portocabo TV trasladouse a España para gravar en diferentes localizacións da provincia de Pontevedra e en Santiago de Compostela, entre outras. Nesta segunda temporada, os protagonistas encarnados por Miguel Silvestre e Luis Gerardo Méndez desprázanse a Galicia para comprobar a veracidade dun milagre. Recibiu tamén 300.000 euros.

Tratamos demasiado bien a las mujeres. Nova longametraxe de Ficción Producciones con Carmen Machi como protagonista, baixo a dirección novel da recoñecida diseñadora de vestuario Clara Bilbao. Miguel Barros asina o guiñón desta comedia negra inspirada na novela *On est toujours trop bon avec les femmes*, de Raymond Queneau, e que será rodada integramente en Galicia. Machi dálle vida a unha muller sen escrúpulos nesta historia sobre un grupo de maquis refuxiado nunha pequena aldea da montaña nos anos 40. A axuda ascendeu a 350.000 euros.

Neste mesmo marco de acción, en 2022 demos un paso máis na captación de rodaxes que xeren riqueza e emprego ao tempo que promoven a industria cultural galega. Fixémolo sentando as bases da plataforma **Galicia Film Commission**, que conta cun orzamento de 400.000 euros. A través dela poremos en valor toda a cadea da industria audiovisual galega con novas ferramentas e utilidades para que os profesionais deste ámbito poidan ofrecer os seus servizos e atopar os recursos que precisan. Ao tempo, facilitaremos o intercambio e o traballo conxunto entre o sector público e o privado, e lograrase unha maior proxección exterior da imaxe de Galicia e do noso audiovisual.



1.5 Outras accións

Outra das nosas accións dirixida a reforzar a proxección das industrias do cinema e da televisión, así como a darlle visibilidade ao traballo desenvolvido polo audiovisual galego, é o apoio aos **Premios Mestre Mateo**, organizados pola Academia Galega do Audiovisual (AGA). Presentáronse 475 candidaturas profesionais e 162 de obras estreadas o ano anterior.

Previamente á gala, nesta vixésima edición retomouse o tradicional encontro de finalistas, tras un ano de parón pola crise sanitaria. Nel entregáronse tres galardóns en recoñecemento a aspectos que van máis aló do puramente técnico ou artístico. Así, o documental *O Gran Camiño* recibiu o Premio ABANCA ao impulso da sustentabilidade, *#DígochoEu* o Premio Deleite á promoción da lingua, e o videoclip da canción de Tanxugueiras *Figa*, da produtora Trece Amarillo, o Premio Galicia Calidade.

A gala tivo lugar o 19 de marzo en Expocoruña. A obra con máis galardóns foi *Hierro*, con seis, e *Jacinto*, con catro. Entre os desta última estiveron o de mellor actor para Pedro Brandariz, falecido días antes do evento e que foi especialmente lembrado nos discursos. Pola súa banda *Tres* obtivo o premio a mellor longametraxe, así como a mellor actriz protagonista, para Marta Nieto, e mellor son para Daniel Fontrodona, Oriol Tarragó, Marc Bech e Marc Orts. *A virxe roxa* foi recoñecido como mellor documental e *#DígochoEu*, de CRTVG, como mellor programa. Este último tamén recibiu o galardón a mellor comunicadora para Esther Estévez Casado.

Na categoría de mellor anuncio publicitario, o premio foi para *Redes Vivas*, de Metronoventa Creatividad e Producción Publicitaria, e na de videoclip, para o da canción *Figa* de Tanxugueiras, producido por Playplan e Trece Amarillo. Pola súa banda, *Augas abisais*, de Rebordelos, obtivo o recoñecemento como mellor curtametraxe. O Premio de Honra Fernando Rey foi para a xornalista, escritora, investigadora, docente e cineasta Margarita Ledo Andión.

No percorrido pola actividade en 2022 salienta tamén o acordo coa plataforma de entretemento Netflix para impulsar a presenza da lingua galega no seu servizo mediante o subtulado dunha selección de series e filmes internacionais, así como a dobraxe de varios títulos infantís e familiares. Na procura do obxectivo común de levar a lingua galega ata o mundo da televisión á carta, Netflix incorporou arredor de 70 títulos nas tres linguas cooficiais do Estado, coa previsión de ir incrementando esta cifra.

Outra das medidas consistiu na realización dun *mapeo* do sector galego dos videoxogos co obxectivo de contribuír á súa vertebración. Búscase así obter unha diagnose da situación actual das empresas, estudos independentes e profesionais que operan neste ámbito en Galicia cara a unha planificación estratéxica das políticas públicas de apoio. O resultado deste traballo de campo quedou constatado nun documento de uso eminentemente interno: *Informe sobre o desenvolvemento do sector dos videoxogos en Galicia 2022*.



2 | ESCENA





Tras un ano aínda marcado pola pandemia, 2022 permitiulle á escena recuperar o contacto co público xa sen restricións, podendo encher os distintos espazos de exhibición. ■ Desde a Agadic acompañamos esta volta á normalidade co noso habitual apoio á creación e á difusión a través de subvencións, que se viron reforzadas cunha nova liña para a modernización de infraestruturas. A estas axudas súmanse outras accións, como a colaboración en residencias artísticas ou festivais, nos que, conscientes do seu carácter estratéxico, ampliamos tamén a listaxe de eventos participados. ■ Porén, como fitos escénicos do exercicio queremos salientar o avance no *Plan Integral para a Danza de Galicia*, que quedou ultimado a finais de ano, e a presenza de Galicia como Comunidade convidada de honra no Festival Internacional de Teatro Clásico de Almagro. ■ Ambos son resultado de liñas de traballo prioritarias para nós, como son a implicación do sector no deseño e posta en marcha de iniciativas de formación, innovación e dinamización da escena galega, o avance nunha escena inclusiva e descentralizada, e a posta en valor da nosa creación fóra de Galicia, a nivel estatal e internacional, establecendo lazos con distintas entidades que favorezan esa promoción.



2.1 Apoio á creación

A nosa liña de apoio á **creación escénica** posibilitou ou impulsou en 2022 os espectáculos de 28 compañías profesionais galegas. A dotación de 800.000 euros coa que conta a convocatoria distribuíuse entre sete propostas de compañías de recente creación, con 76.000 euros; cinco do campo da danza e das artes do movemento, con 111.300 euros; e 15 do ámbito xeral que engloba as producións de maxia, teatro e novo circo, con máis de 503.000 euros. Os 100.000 euros restantes destináronse á modalidade para a actividade escénica plurianual, na que se poden seleccionar ata dúas propostas e houbo unha única adxudicataria.

As beneficiarias de ámbito xeral foron Sarabela Teatro para *Contos Arraianos*, Butacazero para *Papaguena*, Talía Teatro para *Unha inimiga do pobo* e Producións Teatráis Excéntricas para *Pirólíticos*, a nova obra de Mofa&Befa. Redrum Teatro dispuxo tamén desta axuda para *Hamelin*, Ainé Producións para *Códice-K*, Caramuxo Teatro para *Crisálida* e Matarile para *Proxecto Woodman* (montaxe renomeada despois como *Pussy Cake. Your hands over me*). Asemade, contaron con apoio as compañías de monicreques Títeres Cachirulo para *O tesouro esquecido*, A Xanela do Maxín para *Coliño*, Os Monicreques de Kukas para *Viva Vivaldi (1,2,3 e 4 estacións)* e Viravolta Títeres para *A regadora do asubote*. A listaxe complétase con De Ste Xeito Producciones para o seu espectáculo *La resurrección de Nuno*, Culturactiva SCOOP Galega para *Castelao* e Ártika Cía para *Mosca*.

Os cinco proxectos do apartado específico destinado á danza e a facilitar a súa distribución foron *Nós*, de Nova Galega de Danza; *Sin la soga al cuello*, de Ensalle Teatro; *Multiperspectivas#2*, de Paula Quintas Cía; *Frida*, de Cristina Collazo para A Cova das Letras, e *Magma*, de Incendiaria.

En canto ás sete compañías de recente fundación, as beneficiarias foron Stracciatella Teatro para a obra *O refuxiado. Unha comedia sobre o triste que é todo*, Sonsoles Cordón por parte da compañía Olivas Negras para *O rapto da Befana*, Rafael Rey Domech de Moving Compass (posteriormente, Nauta Teatro) para a produción *Papi Facebook. A era do like*, Greta Mari para *The Great Greta* e Iván Davila da compañía Negro López para o proxecto *Backstage*. Pechan a relación Antela Cid, de Compañía Humana, para *lfixenia na porta do súper* e Carmen García Facorro, por parte de Amorodio Teatro, para *A nai*.

A estas categorías súmaselles a dirixida ao apoio a proxectos de actividade escénica de carácter plurianual, a través da que buscamos facilitar unha planificación a medio prazo das actividades das compañías. Elefante Elegante foi a única adxudicataria na modalidade, polo que recibiu preto de 100.000 euros para desenvolver a súa folla de ruta para o período 2022-2024 coas montaxes *Kyoki* e *Un momento precioso*, ademais de continuar coa distribución de *Alma de Tigre* e doutros espectáculos do seu repertorio.

Outras pezas que obtiveron subvención escénica no exercicio precedente foron levadas ás táboas neste ano, programando as súas **estreas** en 2022. Foron os casos, por exemplo, de *Ragazzo*, de Barrosanta; *Home*, de Andrés Coucheiro; *Hotel Europa*, de Señora Supina; *Amantis*, de Rebordeiros; *Lara Hierro*, de



Constance Hurlé; *Lao, Lao e o dragón do xeo*, de Títeres Cachirulo; *O porco de pé*, de Producións Teatráis Excéntricas; *Inloca*, de Matarile; *Smoke on the water*, de Ibuprofeno Teatro; *As alumnas*, de Culturactiva; *Alma de Tigre*, de Elefante Elegante; *Paxaros no cabo*, de Pistacatro; *Memo*, de Teatro Ensalle; *Cantas patas para un banco?*, de Compañía ÍO, ou *Último verán en Santa Cristina*, de Teatro do Noroeste.

Xunto coas axudas directas ás compañías, no impulso á creación cómpre sinalar as accións promovidas polo Centro Dramático Galego e o Centro Coreográfico Galego, tanto a través das producións e coproducións como das **residencias artísticas**.

Así, en 2022 repetimos a colaboración coas **Residencias Artísticas do Gaiás (REGA)**, postas en marcha xunto coa Fundación Cidade da Cultura en 2021 e que incluíu un novo ciclo de *Clásicas desfeitas*. Nesta edición presentamos os volumes 4 e 5, con obras inspiradas na literatura medieval galega e na renacentista portuguesa da man de Galeatro, con *Arte sen guión*, e de Moving Compass, con *A barca do inferno*.

A primeira das pezas constrúe a través da improvisación, a comedia e a música unha especulación improvisada sobre como podería ter sido unha función de teatro galego da Idade Media. A segunda delas inspírase no clásico da literatura renacentista portuguesa *Auto da barca* para construír un espectáculo innovador e de fondo calado ecoloxista, con máscaras e marionetas.

Tamén continuamos co noso apoio ás **Residencias Paraíso** promovidas polo colectivo RPM. Os oito proxectos seleccionados na súa sexta edición foron *Void, Void, Void*, de María R. Soares; *Vaivén*, de Marcia Vázquez; *ser, estar, parecer: atributos del verbo artístico*, de Pura y Fachada; *Mónica*, de Federico Vladimir e Pablo Lilienfeld; *¿Podemos hablar de Caetano?*, de Natalia Fernandes; *Proto*, de Janet Novás; *Hacer Amor*, de Hermanas Gestring; e *La balada de Clippy*, de Fernando Epelde. Os procesos de creación desenvolvéronse en distintos espazos de toda Galicia, entre os que estiveron as sedes do Centro Coreográfico Galego e do Centro Dramático Galego.

A maiores apoiámos o programa de residencias artísticas e de investigación a través da danza e das artes do movemento **Atopémonos bailando**, impulsado pola compañía Colectivo Glovo. As creadoras Paula Quintas, Sabela Mendoza e Sonsoles Cordón, de Galicia, Lucía Marote e Sabela González Herrera, de Madrid, e Sofía Kafol, de Portugal, foron as seleccionadas para participar nesta edición, con residencias no auditorio do Museo Interactivo da Historia de Lugo. Os proxectos elixidos desenvolveron ademais diferentes actividades de mediación cultural para a cidadanía co obxectivo de incentivar a difusión e a formación sobre os procesos creativos da danza contemporánea.



2.2 Apoio á difusión

No que respecta á difusión da nosa creación escénica, o noso apoio materialízase a través dunha liña de **subvencións ás actividades de distribución** das industrias culturais que, cun orzamento de 230.000 euros, en 2022 lles facilitou a 321 espectáculos a realización de xiras a nivel nacional e internacional. Impúlsase ademais a participación de compañías en citas claves do circuío estatal como son MADferia, Mercartes, DFeria e Fetén-Xixón.

Entre as beneficiarias figuran a produtora Ainé, que levou a súa peza *Fariña* a 10 escenarios de Madrid, Ávila, Girona, Soria e Biscaia, e Títeres Cachirulo, que amosou os seus espectáculos por toda España e participou en certames de monicreques de prestixio como son o festival arxentino de Mar de Plata, o Festival Utebo de Zaragoza ou o encontro brasileiro de bonecos xigantes de Pernambuco nunha serie de 55 actuacións. A compañía Voadora obtivo no ano da súa despedida dos escenarios apoio para as funcións de *Othello* sobre ás táboas do Theater Und Orchestre de Heidelberg, en Alemaña, e do Teatro Nacional São João do Porto, e a formación de danza La Macana recibiu para os gastos derivados das súas saídas a Portugal, Alemaña e Austria, ademais das súas citas en localidades de Cataluña, País Vasco e Comunidade Valenciana. Pola súa banda, Teatro Ensalle xirou por México o espectáculo *Antes de que llegue la Bestia*.

O obxectivo da medida, dirixida tamén ao sector musical, é impulsar a distribución e comercialización dos produtos culturais galegos dentro e fora da Comunidade, ao tempo que se facilita a captación de público e o acceso da cultura galega a novos mercados internacionais.

Por outra banda, temos as nosas **colaboracións con espazos escénicos** públicos e privados, coas que financiamos tanto as funcións realizadas na **Rede Galega de Salas** como os gastos de funcionamento das salas escénicas privadas.

Estas últimas, dotadas con 150.000 euros, beneficiaron ao igual que o ano anterior os espazos vigueses Ártika e Teatro Ensalle, e os coruñeses Gurugú Producciones e Teatro del Andamio. Trátase dunha convocatoria consensuada co sector para impulsar a programación de carácter profesional e a consolidación destes recintos como xeradores dunha destacada actividade arredor das artes escénicas. As salas deben destinar as axudas a cubrir os gastos relacionados coa programación, os derivados das representacións en liña, a contratación de persoal para o proxecto e unha porcentaxe dos custes indirectos, como alugueiros ou subministracións.

No marco desta medida, 97 formacións artísticas representaron en 2022 un total de 279 funcións, 175 delas nas salas de Vigo e 119 nas da Coruña.

A maiores en 2022 lanzamos un programa de apoio extraordinario para a **modernización e xestión sustentable das infraestruturas de artes escénicas e musicais**, a través do que investimos nunha primeira quenda máis de 1,2 millóns de euros na mellora de 48 estruturas empresariais, teatros, auditorios e salas de toda a Comunidade, 26 deles privados e 22 de titularidade pública.



Esta canle de financiamento púxose en marcha ao abeiro do Mecanismo Europeo de Recuperación e Resiliencia dos Fondos Next Generation EU co obxectivo de facilitarlles a estes espazos a renovación ou instalación de equipos dixitais de iluminación, vídeo e son, así como o reacondicionamento da caixa escénica ou a mellora dos sistemas de climatización, entre outras accións. Búscase tamén mellorar as condicións de traballo do persoal técnico e artístico, así como reforzar a calidade na exhibición dos espectáculos diante do público.

Así, entre os escenarios dedicados maioritariamente a artes escénicas, na provincia da Coruña contribuíuse a accións e adquisicións por parte do Teatro Rosalía Castro, Teatro del Andamio, Auditorio da Casa da Cultura do Milladoiro (Ames), Auditorio do Centro Cívico-Cultural de Arteixo, Casa da Cultura Ramón Martínez López de Boiro, Auditorio do Pazo da Cultura de Carballo, Auditorio do Pazo da Cultura de Narón, Teatro Coliseo Noela de Noia, Teatro da Beneficencia de Ortigueira, Auditorio de Galicia e Sala Capitol de Santiago de Compostela e Casa da Cultura de Vimianzo.

Na provincia de Lugo, achegouse dotación para proxectos da Sala Bahía de Foz e, no caso da de Ourense, atópanse nesta listaxe o Pub Baranda do Barco de Valdeorras e o Teatro Principal da cidade das Burgas.

Por último, Pontevedra contou como espazos eminentemente escénicos subvencionados o Auditorio Municipal Xosé Manuel Pazos Varela de Cangas, o Auditorio Municipal de Lalín, o Teatro Principal de Pontevedra, a Sala Ártika, o Teatro Afundación, o Teatro Ensalle e o Circo Navidad en Vigo.

A finais de ano lanzamos a segunda convocatoria desta mesma liña de subvencións, dotada con 800.000 euros e pola que se prevé sexan beneficiarios arredor de 40 novos escenarios e empresas.

Cómpre sinalar tamén a **Rede Galega de Teatros e Auditorios** (RGTA), constituída en 1996 para impulsar a distribución dos espectáculos galegos en colaboración con 40 administracións locais asociadas e un total de 45 escenarios membros. O orzamento da iniciativa superou os 1,8M€, cofinanciados ao 50% coas entidades locais xestoras, para ofrecer unha programación que incluíu máis de 500 funcións escénicas e musicais. Nesta colaboración cómpre salientar o incremento substancial das nosas achegas aos auditorios municipais de Vigo (55.885 euros, preto dun 40% máis que en 2021) e de Lugo (28.611 euros, cun aumento superior ao 50%), Teatro Rosalía Castro da Coruña (50.000 euros, un 18% máis que en 2021) ou Teatro Principal de Ourense (32.500 euros, un 22% máis), entre outras.

Do total dos espectáculos escénicos ofrecidos a gran maioría foron de teatro, con 431. Entre eles destacan polo número de funcións *As que limpan*, que A Panadaría estreou en febreiro e que acadou 21 representacións; *Morte accidental dun anarquista*, de Talía Teatro, con 19; *Smoke on the water*, de Ibuprofeno Teatro, con 16; *A lúa vai encuberta*, de Incendiaria e A Quinta do Cuadrante en coprodución co Centro Dramático Galego, con 12; *Cigarreiras*, de Contraproducións, con 11, e *Libre coma os paxaros*, de Teatro do Atlántico, con 10.

Os 42 espectáculos de danza programados correron a cargo de nomes como Marta Alonso Tejada, Funboa Escénica, Licenciada Sotelo ou Paula Quintas Cía. A Rede Galega de Teatros e Auditorios tamén exhibiu 13



espectáculos de maxia da man de artistas como Cayetano Lledó, Mago Teto ou Abarajar Producciones, e 12 de novo circo con formacións como Artefeito, Cirkcompacto ou Especialistas Hípica Celta.

Moitas das compañías chegan a esta carteleira despois do seu paso pola última edición de *Galicia Escena PRO*, o mercado de artes escénicas galegas que organizamos xunto coa asociación sectorial Escena Galega.

A volta á normalidade que marcou 2022, xa sen as restricións de público por mor da pandemia dos anos anteriores, supuxo un notable incremento na asistencia, ao pasar de case 46.500 espectadores a máis de 69.000, o que representa unha suba de case o 50%. A media de espectadores por función situouse en 131, preto das cifras previas á pandemia, que ascendían a 145 no último ano sen restricións, 2019. Tamén a ocupación dos espazos reflicte esta recuperación, cun 30% de media en 2022 e un 32% en 2019.

A través da Rede Galega de Teatros e Auditorios colaboramos tamén con *Primavera en Danza*, cuxa 20ª edición se celebrou en Carballo do 22 de abril ao 8 de maio. Participaron as compañías galegas Colectivo Glovo, con *EM.NA*; Fran Sieira Compañía de Danza, con *DeMente*; e Janet Novás xunto coa compositora e música Mercedes Peón na peza *Mercedes máis eu*. A elas sumouse a compañía alacantina Otra Danza, con *Vigor Mortis*, e a granadina Da.Te Danza con *Natanam*.

Para a contratación dos espectáculos da RGTA seguimos a contar coa plataforma *galescena.gal* como principal instrumento de traballo para todos os axentes que teñan relación coas nosas programacións, como compañías, grupos de música ou programadores. Trátase dunha intraweb que facilita a xestión das nosas redes de programación, podendo facer a través dela todos os trámites de inscrición, contratación e rexistro de asistencia, entre outros.

Os **festivais de artes escénicas** son outra importante vía de difusión. O seu carácter estratéxico levanos a ampliar a colaboración a 13 mostras, catro máis que en 2021 e dúas delas dedicadas ás artes do movemento. Ademais, en 2022 consolidamos a suba no orzamento rexistrada o ano anterior e mantivemos a contía de 200.000 euros. As citas subvencionadas foron:

Singular. Festival do Monólogo Teatral (7ª edición, do 4 ao 28 de marzo). Celebrado en Narón, ofreceu unha ducia de funcións da man de artistas procedentes tanto de Galicia coma do resto de España e doutros países, que incluíron tamén sesións dirixidas ao público infantil e familiar. Houbo ademais unha xornada con actividades paralelas, como un encontro con programadores ou unha mesa redonda.

Festival Internacional de Títeres de Redondela (23ª edición, do 12 ao 17 de maio). Organizado por Memorial Juanjo Amoedo, contou cun intenso programa que sumou máis de 60 funcións e actividades complementarias. Así, xunto con espectáculos teatrais e concertos, ofreceu a instalación *Ingenii Machina*, da compañía Alauda Teatro, o mercadiño titiriteiro e a sección *Títeres pola gorra*, ademais dunha exposición conmemorativa dos 40 anos de Tanxarina Títeres.



Mostra de Teatro Cómico e Festivo de Cangas (39ª edición, do 24 de xuño ao 9 de xullo). Ampliou a súa duración a 16 días para ofrecer 26 espectáculos con catro estreos absolutos e nove en Galicia. A mostra ratificou un ano máis o compromiso coa paridade e co teatro inclusivo e diverso. A maiores, a programación incluíu actos en homenaxe ao actor, director de teatro e escritor Lino Braxe, falecido en 2020.

Titiriberia (7ª edición, do 24 ao 31 de xullo). O festival organizado en Rianxo pola asociación cultural Morreu o Demo sumouse por primeira vez á listaxe de festivais que contan co noso apoio. Unha trintena de compañías e artistas participaron na súa programación, que incluíu espectáculos de rúa, actuacións en sala, conferencias, mesas redondas, obradoiros para a cativada e exposicións.

Danza no Claustro (10ª edición, do 5 ao 7 de agosto). Esta proposta escénica que pon en valor o patrimonio arquitectónico a través da danza é outro dos novos festivais que apoiamos en 2022. Levou aos claustros de Santo Estevo de Ribas de Sil, Santa María de Melón e Santa María de Xunqueira de Espadanedo oito espectáculos de compañías e artistas galegos e doutros lugares de España e México.

Mostra de Teatro de Cariño (44ª edición, do 12 ao 19 de agosto). Un ano máis apostou especialmente por propostas de animación de rúa e de teatro para público familiar. Ofreceu unha vintena de espectáculos, ademais dun obradoiro de creación escénica da man de Ibuprofeno Teatro nos días previos.

Festaclovn Vilagarcía (21ª edición, do 17 ao 21 de agosto). Acolleu unha vintena de actuacións de compañías e artistas de referencia no mundo do circo que ofreceron espectáculos de acrobacias, música, narración e clown. Incluíu tamén o *Certame Festaclovn* e, como colofón, a *Gala Solidaria* a cargo de Pallasos en Rebeldía, con mensaxes contra a guerra.

Castelo Conta (7ª edición, do 22 ao 28 de agosto). Esta nova incorporación aos festivais que apoiamos ofreceu en Culleredo diversas actividades que incluíron espectáculos de narración oral, monólogos e teatro infantil, ademais de concertos, obradoiros, xogos tradicionais e sesións vermú entre outras propostas para todas as idades.

Cartografía en Movemento (11ª edición, do 2 ao 4 de setembro). Estoutro evento que recibiu por primeira vez as nosas axudas tivo lugar en Lugo, con sete funcións, dous obradoiros e unha xornada final con representacións ao longo de todo o día e en diferentes espazos da cidade.

Festival Internacional Outono de Teatro (FIOT) (31ª edición, do 30 de setembro ao 31 de outubro). Celebrado en Carballo, ofreceu 39 espectáculos con oito estreos absolutos e nove en Galicia. Unha delas foi o último proxecto de Mofa&Befa, *Pirolíticos*, que contou co noso apoio. A produción do Centro Dramático Galego e Ainé Producións *Recortes, caneos e outras formas de driblar* pechou o cartel cunha función que marcou o inicio da súa xira.



Festival Internacional de Teatro de Ourense (FITO). (15ª edición, do 13 ao 20 de outubro). Organizado por Sarabela Teatro, incluíu 15 propostas tanto de compañías consolidadas coma emerxentes. Tamén reeditou *67 Graos-Ourense Fervescénica* como espazo de encontro entre disciplinas e artistas, co que lanza catro bolsas de creación para pezas que se presentan como parte do cartel.

Festival Internacional Galicreques (27ª edición, do 8 ao 16 de outubro) Desenvolvido en Santiago de Compostela da man da Asociación Barriga Verde, afianzou a súa dimensión internacional coa participación de 26 compañías de oito países. Ademais recuperou a programación escolar a niveis previos á pandemia e incorporou como novidade a sección *Cara Bé*, que busca rachar coa idea de que os monicreques son só para público infantil.

Desfoga (3ª edición, do 23 ao 30 de outubro). Impulsado pola Asociación Compañía de Teatro Caracol en Cambados, é outra das novidades entre os festivais beneficiarios das nosas axudas. A través das artes vivas, o evento busca darlle visibilidade á comunidade LGBTIQ+ e os problemas aos que se enfrenta. Incluíu espectáculos, concertos e unha conferencia performativa, entre outras propostas.

Por outra banda, un ano máis colaboramos coa **Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia (MIT)**, a través dun convenio de 60.000 euros co Concello. Baixo o lema *Actuando nas marxas*, a 38ª edición da MIT celebrouse como vén sendo habitual en xullo cunha vintena de producións de teatro e danza chegadas de Perú, Portugal, México ou Mozambique, ademais de diferentes puntos de Galicia e do resto de España.

Entre elas cómpre sinalar a estrea de *Relato para un incendio*, espectáculo de aAntena coproducido polo CDG e a MIT no marco da nosa I Bolsa de dramaturxia e creación, así como a representación doutras montaxes participadas polo Centro Dramático Galego, como *Arte sen guión*, de Galeatro, *A lúa vai encuberta*, de Incendiaria e A Quinta do Cuadrante, ou *O péndulo*, de Inversa Teatro. O programa incluíu tamén música, presentacións de libros, coloquios e o *1ª Encontro interxeracional das artes escénicas de Galicia*.

A maiores, no marco da difusión das nosas artes escénicas a través dos festivais, en 2022 cómpre salientar a presenza de Galicia como Comunidade convidada de honra no 45º **Festival Internacional de Teatro Clásico de Almagro** (Ciudad Real). No marco dun ambicioso proxecto innovador en xéneros e formatos e nunha aposta pola pluralidade e a proxección exterior da creación teatral galega, levouse unha ampla e variada programación pensada para achegarlle ao público o Século de Ouro galego.

Nela incluíse a estrea absoluta de *La Toffana*, de Vanessa Montfort e con dirección de María Herrero, unha coprodución do CDG con La Quintana Teatro e Proyecto Barroco; as pezas *Arte sen guión*, de Galeatro, e *A barca do inferno*, de Moving Compass, estreadas no marco do ciclo *Clásicas desfeitas; e Estrela do día*, de Producións Teatraís Excéntricas. A música puxérona Xoán Curiel e Xosé Lois Romero, cun concerto centrado nas cantigas de amigo e textos galegos do Século de Ouro.



En 2022 tamén impulsamos a difusión das nosas artes escénicas a través de diferentes circuitos que percorren Galicia especialmente durante o verán, con propostas xa tradicionais e outras novas.

Así, lanzamos unha nova edición de **Cultura no Camiño**, xestionada tamén a través da nosa plataforma en liña *galescena.gal*, e que chegou ao seu décimo ano no marco da programación do Xacobeo 21-22. Con este amplo circuíto de espectáculos escénicos e musicais seguimos a descentralizar a oferta cultural e a dinamizar todo o territorio galego. Así, a través del cofinanciamos con 225.000 euros e en colaboración cos concellos 292 actuacións en 88 localidades polas que transcorren as rutas xacobeas en Galicia. O programa arrincou o 29 de xullo e prolongouse ata o 10 de setembro coa participación de 154 formacións artísticas, entre compañías de teatro, grupos de música, profesionais da maxia, colectivos de danza e formacións de novo circo.

No caso do ámbito escénico, foron 181 as actuacións levadas a cabo, a maior parte delas dirixidas a público familiar e en emprazamentos ao aire libre das localidades participantes.

Tamén no marco do Xacobeo 21-22, renovamos o ciclo **Danza 3**, que chegou ao seu décimo aniversario da man do colectivo XOC (Xacarangandina da Coruña, O Fiadeiro de Vigo e Cantigas e Agarimos de Santiago de Compostela) co apoio da Xunta. Desenvolvido de abril a setembro, ofreceu 15 funcións noutras tantas localidades galegas, co obxectivo de achegarlle ao público a riqueza do baile e da música tradicionais. Nesta liña traballan as tres agrupacións impulsoras da iniciativa, a prol dunha maior visibilidade do folclore galego, tanto con actividades de formación e exhibición como de recuperación deste patrimonio inmaterial.

O **Salón Teatro** é un espazo de exhibición escénica da Xunta de Galicia e sede do Centro Dramático Galego (CDG) que ten tamén un papel fundamental na difusión das artes escénicas. Nel acolle as representacións da compañía pública e outro tipo de espectáculos, converténdose así en referente cultural tanto para a cidade na que se sitúa, Santiago de Compostela, como para toda Galicia.

A súa actividade arrincou en 2022 coa estrea da produción do CDG **A peste**, que estivo en cartel do 20 de xaneiro ata o 13 de marzo. Na penúltima función deste espectáculo tivemos a honra de recibir a visita de Elisabeth Maisondieu-Camus, neta do Premio Nobel francés Albert Camus, para gozar da montaxe inspirada na novela homónima do seu avó. De xeito paralelo á exhibición da peza, do 24 de xaneiro ao 7 de marzo, o Salón Teatro acolleu cada luns o programa **ImproVersións**, accións escénicas improvisadas arredor de *A peste*.

En abril chegou a estrea da segunda produción do CDG do ano, **Ás oito da tarde, cando morren as nais**, que se representou do 14 de abril ao 1 de maio e contou tamén co programa **ImproVersións** como actividade paralela.



Ao pouco de despedirse esta peza o espazo converteuse nun dos escenarios do festival de teatro, danza e arte en acción **Escenas do cambio**, organizado pola Xunta a través da Cidade da Cultura coa nosa colaboración. A obra representada no Salón Teatro foi a estrea *Grasped by Intuition*, da portuguesa Tânia Carvalho. Na segunda metade do mes acolleu o espectáculo sobre María Casares **Continente María**, coproducido polo CDG, Ainé Producións, A Quinta do Cuadrante e o Concello da Coruña co gallo do centenario da actriz coruñesa. Permaneceu en cartel dúas semanas.

Un ano máis, en xuño o Salón Teatro foi un dos escenarios de **Galicia Escena PRO**, o noso mercado de artes escénicas, do que ofreceu cinco funcións desde o seu inicio o día 6 ata o peche, o 9. Ao seu remate, na xornada do 14, celebrouse unha **homenaxe a Manuel Lourenzo**, organizada pola Federación Galiza Cultura e a Asociación Agrupación Cultural O Galo. Neste mes tamén volveu o alumnado de primaria e secundaria participante no programa **Cinema en curso**, impulsado pola Filmoteca de Galicia, para estreitar os seus traballos cinematográficos.

A actividade do primeiro semestre pechouse con tres sesións do festival de artes escénicas organizado pola Universidade de Santiago de Compostela, **USCénica**, ofrecidas os días 28, 29 e 30 de xuño.

Tartufo, a coprodución do Centro Dramático Galego con compañías e centros de ensino de Portugal, Francia e Galicia no marco do proxecto europeo **NÓS-NOUS**, abriu o cartel da segunda metade do ano, con tres funcións do 7 ao 9 de xullo. Tras ela, foi a quenda de dúas mostras das **Residencias Paraíso, Vaivén**, de Marcia Vázquez, e *ser, estar, parecer: atributos del verbo*, de Pura y Fachada.

En setembro chegou unha nova edición do **Festival Agustín Magán**, organizado pola Federación Galega de Teatro Afeccionado (Fegatea) co apoio da Xunta e do Concello de Santiago de Compostela, do que se ofreceron dúas funcións. Xa a finais deste mes, estreamos **Recortes, caneos e outras formas de driblar**, un espectáculo do CDG e Ainé Producións que estivo en cartel do 29 de setembro ao 23 de outubro.

Tras a súa despedida chegou a música ao Salón Teatro co **IV Festival Ateneo Barroco** do que acolleamos o concerto de clausura coa soprano Núria Rial xunto á Accademia del Piacere e Fahmi Alqhai.

O teatro volveu ao noso escenario cunha nova edición do ciclo **Quintas do Camões** impulsado polo CDG en colaboración co Centro Cultural Portugués do Camões en Vigo. A programación incluíu a presentación da *Antoloxía do teatro galego contemporáneo*, editado por Cena Lusófona, e os espectáculos *Achadiço*, do Teatro Nacional São João de Porto, e *Calígula*, da Companhia de Teatro de Braga. Os últimos días de outubro volveu a este escenario a fase final de **Xuventude Crea** na modalidade de teatro, certame organizado pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.

Novembro foi o mes do cinema para acoller un ano máis 49 sesións do festival **Cineuropa**, que celebrou a súa 36ª edición do 4 ao 20 de novembro. O mes completouse con circo, cunha nova edición do **Encontro para a formación e a innovación no circo D10!** organizado por Pistacatro e do que ofrecemos os espectáculos *Cuando los cangrejos lleven tacones*, de Cia. Escarlata Circus, 361º, de Cia. Proxecto Tránsito, e unha mostra improvisada de *Soundpaiting Circus*. Pechamos o ano coa entrega sobre este escenario dos



nosos **premios de literatura dramática** *Álvaro Cunqueiro*, *Barriga Verde* e *Manuel María* convocados bienalmente.

O número de actuacións escénico-musicais e de proxeccións audiovisuais acollidas no Salón Teatro ao longo do ano foi de 158, o que supuxo un total de 119 xornadas de apertura ao público.

2.3 Formación e innovación

Canto á **formación nas artes escénicas**, a través do Centro Coreográfico Galego (CCG) seguimos ofrecendo un programa de cursos que en 2022 se desenvolveu ao longo do segundo semestre con dúas accións formativas arredor de diferentes temáticas.

Os profesionais desta disciplina artística son os principais destinatarios dos encontros do Centro Coreográfico Galego, que volveron contar cun profesorado de recoñecida traxectoria nos seus respectivos ámbitos.

A primeira das citas desenvolveuse en xullo na Coruña baixo o título *Autocoidado, preparación e planificación física e abordaxe integral das lesións en danza*, a cargo da fisioterapeuta, osteópata e exbailarina María Jesús Peces-Barba.

A actividade retomouse en setembro cun encontro de danza tradicional co bailador e coreógrafo Fran Sieira desenvolvido en seis xornadas, cinco na Coruña e a última en Ourense. Neste curso tamén participou o Grupo de Música Tradicional, acompañando as coreografías executadas coa interpretación da música en directo.

Por outra banda, desenvolvéronse 200 clases abertas de danza clásica impartidas pola profesora Belén Vázquez e foron 251 os días de uso da aula de danza do Centro Coreográfico ao longo de todo 2022. E dentro da colaboración con outros programas promovidos por entidades e compañías desta disciplina, desenvolvéronse tres actividades de formación sobre danza e artes de movemento no Museo MIHL de Lugo como parte das residencias *Atopémonos bailando*, seis accións de mediación nas residencias artísticas de Iberescena Casa Vella, en Amiadozo (Allariz) e cinco talleres para a creación e o fomento de públicos no Teatro Rosalía Castro da Coruña, integrados no *TRCDanza 2022*.

Ademais, ao abeiro da nosa colaboración coa Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas (Escena Galega) realizouse un **programa de formación e capacitación profesional** co desenvolvemento dun proxecto de consultaría e acompañamento da acción profesional para compañías nos ámbitos da xestión económica e empresarial, comunicación e distribución; accións de difusión e promoción tanto a nivel interno como externo, así como accións específicas de xeración de oportunidades e innovación.

Tamén no marco da formación, o Centro Dramático Galego renovou en colaboración coa Escola Superior de Arte Dramática de Galicia (ESAD) *CDGLab*, un espazo de encontro entre a formación e a pro-



fesión para facilitarlle ao alumnao a adquisición de competencias máis aló das impartidas no ámbito académico.

Finalmente, nesta liña cómpre

sinalar a nova edición do **VI Encontro de formación e innovación no circo D10!** organizado por Pistacatro e no que vimos colaborando desde o seu inicio. Nesta edición levouse a cabo o *Laboratorio Antípodas*. A actividade, desenvolvida xunto co prestixioso centro La Granierie de Toulouse do 17 ao 21 de novembro no edificio Fontán da Cidade da Cultura de Galicia, estudou as posibilidades de empregar as metodoloxías creativas do circo na innovación empresarial de organizacións non vinculadas produtivamente ao sector cultural e aplicalas tanto a nivel de creación de produto, de procesos ou de estrutura organizativa co obxectivo de poñer a creatividade do circo ao servizo da innovación nas empresas. Participaron 10 artistas de circo galegos e franceses e outros tantos representantes de empresas dos dous países, baixo a mediación de Roberto Gómez e Morgan Cosquer.

Nesta mesma disciplina escénica realizáronse outras actividades de formación coa Asociación Profesional de Circo de Galicia (APCG), concretadas en dous talleres: *Espazo Dramático: arquitectura das emocións*, impartido por Pablo Ibarlucea, e *Dramaturxia para a creación de pezas circenses*, a cargo de Noemi Rodríguez, de Teatro En Vilo.

2.4 Outras accións de dinamización

Ao longo de 2022 continuamos avanzando no desenvolvemento do **Plan Integral para a Danza de Galicia** impulsado en colaboración cos diferentes axentes culturais co obxectivo de promover actuacións de mellora consensuadas co sector, de xeito participativo e transparente. Así, a través da mesa de coordinación do Plan, acordamos un documento de propostas prioritarias como base cara á súa redacción e posterior aplicación. As prioridades foron identificadas e votadas polos diferentes colectivos participantes nas sesións de traballo previas.

Deste xeito, todos os membros coincidiron en sinalar entre os obxectivos o impulso da exhibición desta disciplina nos escenarios galegos e o desenvolvemento de programas de residencias artísticas, nas súas diversas tipoloxías, así como a revisión das bases das convocatorias de subvencións e de coproducións ou a ampliación dos obxectivos do Centro Coreográfico Galego cara a intensificar as colaboracións nacionais e internacionais.

Tamén se inclúen outras propostas destinadas a lograr unha maior profesionalización do sector, a darlles visibilidade ás actividades no rural, ao fomento da heteroxeneidade de linguaxes, ao apoio do talento



emerxente ou á creación de actividades de mediación, xunto con outras encamiñadas a lograr unha maior difusión da danza e as artes do movemento nos medios de comunicación ou a reactivación da campaña de declaración do baile tradicional galego como Ben de Interese Cultural.

A partir dese momento iniciamos unha nova fase para clasificar as propostas en liñas e obxectivos estratéxicos, constituíndose grupos de traballo específicos para abordar cada unha delas, sempre en diálogo co sector e baixo a revisión periódica da evolución do proceso. O obxectivo final é a redacción do Plan, que quedou ultimado no mes de decembro, despois de ofrecer publicamente un avance dos seus contidos o 25 de novembro no marco de celebración da feira Culturgal en Pontevedra.

Así, o documento resultante define 35 medidas concretas, estruturadas en catro liñas e 17 obxectivos estratéxicos para un maior e mellor desenvolvemento nos ámbitos da exhibición e distribución, creación e produción, profesionalización e formación, e visibilidade e creación de públicos. Trátase, ademais, dunha proposta que se revisará periodicamente nunha clara vontade de renovación e flexibilidade que permita adecuar os seus obxectivos á realidade cultural galega, nun contexto cambiante e complexo a nivel socioeconómico, tecnolóxico e de hábitos de consumo, entre outros aspectos. O Plan marcará o desenvolvemento e execución ao longo dos vindeiros anos destas medidas de mellora por parte do Goberno galego.

Ao tempo deu comezo o traballo conxunto dunha trintena de persoas en representación da Xunta de Galicia, compañías e empresas produtoras e distribuidoras, espazos de exhibición, escolas de danza, festivais ou danza tradicional, entre outros ámbitos. Ademais dun grupo de coordinación, constituíronse seis mesas para o desenvolvemento deste proceso ata xuño de 2022 e a súa posterior redacción.

Por outra banda, neste marco de acción en 2022 apoiamos o festival *Danza en el Camino*, festival itinerante de creación coreográfica enmarcado no programa do Certamen Internacional de Coreografía Burgos & Nueva York, que estendeu por primeira vez o seu percorrido por Galicia. O encontro, organizado pola Junta de Castilla y León coa colaboración da plataforma cultural SÓLIDOS, celebrou en xullo tres das súas galas en Sarria, Portomarín e Santiago de Compostela, como enclaves das rutas xacobeas.

Denominado na súa etapa en Galicia *Danza no Camiño*, o festival contou cun espectáculo de factura galega, *Estancia Paisaje*, de Esther Latorre e Hugo Pereira, membros do Colectivo Glovo, xunto a Fran Martínez e a Paula Quintas, ademais doutras obras de compañías de fóra de España.

Outro novo festival de danza e movemento que contou co noso apoio no marco do *Plan Integral para a Danza* foi *Abanea*, impulsado pola asociación IS-MO Cultura. O evento celebrou a súa primeira edición en xullo en Gondomar e Allariz con dez compañías e formacións. Entre elas estiveron as galegas Fran Sieira Compañía de Danza, La Macana, Marta Alonso Tejada e Colectivo Glovo, xunto a outras procedentes de México, Madrid, Cataluña e País Vasco.

Tamén figura nesta liña de acción o festival *6coreógrafas*, organizado polo concello da Estrada no marco do Día Internacional da Danza. Así, os días 29 e 30 de abril exhibíronse catro espectáculos galegos

coa peza multidisciplinar *SET*, de Paula Quintas Cía.; *Pink Unicorns*, de La Macana en coprodución co Centro Coreográfico Galego; *Pel continua*, de Pisando Ovos; e *Mortais e vulnerables*, de Furia Sotelo. A programación completouse con obradoiros e encontros co público.

Entre as accións de dinamización ocupa tamén un lugar salientable a feira profesional das artes escénicas *Galicia Escena PRO*, froito do noso apoio ao funcionamento da principal organización do sector, a Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas (Escena Galega). Na súa novena edición, o evento volveu co obxectivo de reforzar a súa posición como escaparate destacado na compra-venda de espectáculos e punto de encontro para todo o sector.

Máis de 160 profesionais déronse cita no encontro, que ademais recuperou o acceso para o público xeral ás representacións. Dos 30 títulos galegos de teatro, danza e artes de movemento que conformaron o cartel, 18 espectáculos exhibíronse en formato completo e outros 12 compartíronse exclusivamente co público profesional en presentacións breves tipo *pitching*.

As producións e compañías que protagonizaron os pases completos de *Galicia Escena PRO* foron *A Familia Real*, de Aporía Escénica e Olivas Negras; *A nena que vivía nunha caixa de mistos*, de Caramuxo Teatro; *Amantis*, de Rebordelos; *Cantas patas para un banco?*, de Cía. iO; *Comando Comadres*, de Matrioshka Teatro; *Come and Go*, de Helena Salgueiro; *Desconexión*, de Títeres Alakrán; *Divertimentos*, de N+1 & Cuarteto Alicerce; *Festina Lente*, de VACAburra; *Hugo*, de Os Náufagos Teatro; *Intempestiva*, de Elahood; *O deus do pop*, de Diego Anido; *O Péndulo*, de Inversa Teatro; *Onde pousa a humidade*; de Marcia Vázquez; *Ragazzo*, de Barrosanta; *Smoke on the water*, de Ibuprofeno Teatro; *TABÚ*, de Colectivo Glovo, e *Vértigo*, de Pistacatro Productora de Soños.

Ademais, volveuse contar coa figura dos *facilitadores* para propiciar e coordinar o maior número posible de reunións de traballo entre programadores e representantes de compañías, de produtoras e de distribuidoras. Como resultado realizáronse arredor de 500 xuntanzas. Outra das novidades desta novena edición foi a incorporación dun novo apartado de mesas redondas.

O Salón Teatro, o Teatro Principal, o Auditorio Abanca e o exterior da Facultade de Ciencias da Comunicación foron os escenarios para as representacións dos espectáculos, que se estenderon tamén a diferentes prazas compostelás con catro montaxes de rúa.

Outra das nosas iniciativas a prol do fomento da actividade escénica é a **Bolsa de dramaturxia e creación**. Posta en marcha en 2021 polo CDG co apoio de diversos colectivos do sector cultural, lanzamos a segunda convocatoria novamente no marco do Día Mundial do Teatro e xa con carácter bienal. Co obxectivo de apoiar toda a cadea de valor dun espectáculo teatral a primeira fase, de dramaturxia, céntrase na selección dunha escrita. Resultou gañadora Ana Abad de Larriva con *Bailar no ceo*, para que a compañía seleccionada na segunda fase, de creación, a leve a escena en 2023.



Galicia Escena PRO 2022

Tamén colaboramos en proxectos doutras institucións e entidades sectoriais. É o caso de **Camiño Escena Norte**, o programa de teatro e danza promovido por Escena Galega para o intercambio cultural entre as comunidades polas que discorre a ruta xacobea do Camiño do Norte. Baixo o lema *Medran os sorrisos*, na súa cuarta edición espallouse a 38 sedes de Galicia, Asturias, Cantabria, País Vasco e, por primeira vez, Navarra, coa participación de 15 compañías de teatro, danza e novo circo.

No percorrido galego presentou entre setembro e outubro oito espectáculos en Santiago de Compostela, Arzúa, Lugo, Ames, Vilalba, Viveiro e Carballo, a cargo do resto das comunidades participantes. Pola súa banda, as tres formacións galegas seleccionadas nesta cuarta edición, Fran Sieira Compañía de Danza, Marta Alonso Tejada e Pistacatro, actuaron en Oviedo, Bilbao, Santander, Eibar, Vitoria, Laredo e Viana, entre outras localizacións.

O crecemento desta cuarta edición reflectiuse ademais no reforzo das residencias artísticas *Cruzamentos*, así como no aumento dos profesionais inscritos no encontro *Habitación Peregrina PRO* de Lugo ou na estrea da iniciativa *ESADS no Camiño*, un programa de colaboración coas Escolas Superiores de Arte Dramática (ESAD) de Galicia e Asturias e a de Arte Dramática e Danza de Euskadi, Dantzerti.

Asemade, en 2022 apoiamos a programación coa que Teatro del Andamio celebrou o seu 20º aniversario como compañía e sala de exhibición, actividades nas que conta coa nosa colaboración desde hai anos. Co gallo da conmemoración, a formación ofreceu novas propostas de teatro familiar, unha exposición fotográfica no Fórum Metropolitano, un encontro e coloquio co alumnado e exalumnado da súa escola teatral, ou a proxección do documental sobre a súa historia, entre outras accións.

A maiores, en 2022 unímonos ao proxecto europeo **Phōnē**, no que, ademais de España, participan Alemaña, Francia, Irlanda, Italia, Noruega, Países Baixos e Romanía co obxectivo de contribuír á salvagarda da diversidade cultural e lingüística en Europa conectando as persoas a través do teatro. Galicia participa na iniciativa de xeito transversal a través dos departamentos de Política Lingüística, Cultura e Industrias Culturais da Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades, con especial protagonismo do Centro Dramático Galego.

Con esta colaboración internacional enmarcada na estratexia da Xunta por promover a cultura e lingua galegas no exterior preténdense crear máis de 170 accións culturais como producións teatrais, coproducións de lecturas dramatizadas con elenco bilingüe, festivais e eventos internacionais, unha coprodución multilingüe baseada no traballo dos grupos comunitarios, residencias de creación dramaturxica, podcast



a partir dos obradoiros de escrita nos grupos de teatro comunitarios, vodcast realizados polos participantes e unha publicación que recolla metodoloxías e boas prácticas para a difusión mediante o teatro de linguas minorizadas. No primeiro encontro, celebrado en Noruega, interveu unha representación da compañía Moving Compass, autora da coprodución *A barca do inferno*.

Canto aos **Premios de Teatro María Casares**, que en 2022 chegaron ao seu 26 aniversario co centenario da actriz que lles dá nome como eixo temático, colaboramos un ano máis na súa celebración no marco do acordo asinado coa Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG), organizadores desta convocatoria anual en recoñecemento público ao traballo dos profesionais do teatro galego. Nesta edición competiron polas 14 categorías convocadas 14 espectáculos, dos que 12 contaron co noso apoio.

As propostas gañadoras coñecéronse no decurso da gala desenvolvida no Teatro Rosalía Castro da Coruña. Entre elas cómpre sinalar a produción do CDG *Terceiro acto*, que levou os premios a mellores actriz e actor protagonistas, recollidos por Belén Constenla e Eduardo R. Cunha *Tatán*, e *A lúa vai encuberta*, coproducida polo CDG xunto a Incendiaria e A Quinta do Cuadrante, recoñecida pola adaptación-tradución a cargo de Vanesa Sotelo.

Ademais de impulsar as artes escénicas con axudas para a súa exhibición e distribución, apoiamos tamén a creación literaria en galego no eido teatral a través dos tres **premios de literatura dramática** que convocamos bienalmente. O **XXVI Premio Álvaro Cunqueiro para textos teatrais** recaeu en Fernando Castro Paredes polo monólogo *O traxe*, mentres que Ana Carreira obtivo o **XII Manuel María de literatura dramática infantil** por *Nin me amoles* e o **XVI Barriga Verde para textos de teatro para monicreques** foi para Eva Mejuto por *Os contos do Lobicán*, na modalidade para rapaces, e José Luis Baños de Cos por *Nas nubes*, na de adultos. A achega económica a esta convocatoria conxunta elévase a 26.000 euros. Ademais, as bases recollen a posibilidade de que as obras sexan publicadas dentro das coleccións de literatura dramática que a Xunta mantén con Edicións Xerais e Baía Edicións.

Nesta mesma dinámica de apoio á dramaturxia galega e á súa difusión sitúase a colaboración no VI Torneo de Dramaturgia celebrado en Madrid baixo a produción do Teatro Español e LAZONA, onde na citada edición representou a Galicia a obra de Ana Carreira. Este orixinal formato ideado por Jordi Casanovas ten tamén a súa versión no marco da Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas. Tanto a iniciativa madrileña como a galega contaron coa colaboración do Centro Dramático Galego.



2.5 Producións e coproducións de espectáculos

A nosa actividade escénica arrincou en 2022 coa estrea en xaneiro, no Salón Teatro de Santiago, da produción propia do Centro Dramático Galego **A peste**, inspirada na novela homónima de Albert Camus. Con dramaturxia e dirección de Cándido Pazó, contou cun dos maiores elencos dos últimos anos ao sumar 15 intérpretes. A montaxe foi concibida de xeito específico e exclusivo para a súa posta en escena no Salón Teatro, onde permaneceu durante dous meses con 29 funcións.

Sobre as táboas puidéronse ver rostros de ampla traxectoria, como Nacho Castaño, quen asumiu o papel protagonista, Evaristo Calvo, César Cambeiro, Xurxo Cortázar, Salvador del Río, Casilda G. Alfaro, Paku Granxa, Luís Iglesia B., Miquel Ínsua, Tone Martínez, Rebeca Montero, Marcos Orsi, María Roja, Santi Romay e Carlos Sante. A peza ofrece unha reflexión sobre o comportamento da sociedade e dos individuos durante situacións de crise. A través do personaxe do doutor Rieux, a historia narra os sucesos na cidade de Orán durante unha praga de peste que a asedia e pon os seus habitantes en corentena.

A segunda produción do ano do CDG foi **Ás oito da tarde, cando morren as nais**, con dirección e dramaturxia de Marta Pazos para levar a escena o texto da creadora escénica AveLina Pérez galardoado co Premio Álvaro Cunqueiro en 2018. Con Camila Bossa, Sabela Domínguez, Xosé Manuel Esperante, Davide González, María Llanderas, Alba Loureiro e Toni Salgado no elenco, estivo en Santiago do 14 de abril ata o 1 de maio con 14 sesións. Logo xirou ata xuño polos concellos de Cee, Cedeira, Catoira e A Estrada, así como polas localidades portuguesas de Beja e Coímbra con 19 representacións máis. Permaneceu en cada un dos concellos galegos durante catro días, un deles dedicado a unha función escolar para centros de ensino medio, co obxectivo de acadar a maior cantidade de público posible e achegarlles o teatro e a dramaturxia galega contemporánea aos máis novos. A peza sitúa o público como elemento central da obra e analiza a relación entre o teatro e a súa recepción.

A finais de setembro estreamos xunto a Ainé Producións **Recortes, caneos e outras formas de driblar**, espectáculo que abordou tanto a dimensión visible como a cara oculta do mundo do fútbol nunha mestura de xornalismo, deporte e teatro que xorde dun libro aínda inédito de Nacho Carretero. Tito Asorey foi o responsable de dirixir a peza, con dramaturxia de José L. Prieto. O elenco conformárono Xosé A. Touriñán, Manuel Cortés, Christian Escuredo, Xoán Fórneas, Isabel Garrido e Sergio Zearreta. Permaneceu no Salón Teatro ata finais de outubro, con 19 funcións, para logo xirar ata febreiro de 2023.

O número de funcións realizadas polos tres espectáculos de produción propia do CDG foi de 95.

Cómpre sinalar que en todas as producións estreadas polo CDG funcionou o programa de mobilidade que permitiu desprazar público de numerosos concellos, centros de ensino e outras entidades a través da contratación de autobuses, tanto para as funcións no Salón Teatro como na xira de **Ás oito da tarde, cando morren as nais**.



A peste



Ás oito da tarde, cando morren as nais



Estas pezas contaron ademais co pioneiro sistema inclusivo creado polo Centro Dramático Galego e que permite dispoñer de interpretación en lingua de signos en todas as funcións mediante proxeccións e de subtítulado para descargar nos dispositivos móbiles. O espazo de exhibición escénica da Xunta situouse así á vangarda da inclusión, converténdose no único que ofrece sesións 100% adaptadas. Este sistema deseñado polo técnico do CDG Guillermo Vázquez foi recoñecido co galardón ao proxecto coa temática máis innovadora dos III Premios empregados públicos innovadores da Axencia Galega de Innovación.

Os títulos destas tres producións forneceron con cadanseu volume a colección de libros **O papel do teatro** que editamos en colaboración

con Edicións Positivas para publicar os textos das producións propias do CDG. As publicacións, que incorporan as dramaturxias realizadas para estas obras ao *corpus* dramaturxico galego, inclúen artigos asinados polo director do CDG, Fran Núñez, e pola dirección de escena, así como a relación de integrantes dos equipos artístico e técnico das montaxes. Preséntanse nun formato de peto con fotografías a cor de escenas das obras.

En 2022 seguimos impulsando as **coproducións** no marco da nosa aposta pola dinamización da escena e polo reforzo da colaboración cos axentes do sector escénico e con outras entidades culturais.

No eido do teatro, estreamos a primeira das pezas coproducidas xa en xaneiro, con **Come and Go**, da compañía Helena Salgueiro. Trátase dunha adaptación da obra homónima de Samuel Beckett que conxuga danza, teatro, performance, cinema en directo e instalación visual nunha coreografía que investiga o tempo, o xesto e a linguaxe.

A comezos de marzo foi a quenda de **O péndulo**, de Inversa Teatro, coa participación tamén da MIT de Ribadavia e a Área de Memoria Histórica da Deputación de Pontevedra. Nesta obra de teatro-documento a actriz Marta Pérez indaga na historia do seu bisavó, membro do Partido Socialista, republicano e presidente da Casa do Pobo da Cañiza, que foi fusilado en 1936 canda outros camaradas.

Na mesma data estreamos a coprodución **Rastros**, da compañía Condetrespés, que levou a escena a peza orixinal de Roberto Vidal Bolaño —coincidindo cos 20 anos do seu pasamento— con adaptación e dirección de Lois Blanco. Na montaxe, o intento de suicidio dunha muller convoca durante o tempo no que permanece ingresada na UVI á espera dun desenlace incerto os tres homes cos que compartiu os seus sentimentos, soños e ilusións.

Tamén en marzo tiveron lugar as sesións inaugurais dos volumes 4 e 5 do ciclo *Clásicas Desfeitas*, con **Arte sen guiñón**, de Galeatro, e **A barca do inferno**, de Moving Compass. As pezas coproducidas pola Cidade da Cultura e o CDG no marco do programa *Residencias Artísticas do Gaiás* inspíranse na literatura medieval galega e na renacentista portuguesa.



Recortes, caneos e outras formas de driblar



En maio chegou *Continente María*. Coproducida con Ainé Producións e o Concello da Coruña e levada a escena coa compañía A Quinta do Cuadrante, inseriuse na axenda conmemorativa impulsada pola Xunta co gallo do centenario de María Casares. Con texto de Marianella Morena e dirixida por Tito Asorey, *Continente María* é un canto ao teatro e á vida a través do diálogo coa extraordinaria figura da actriz.

No mesmo mes, o Teatro Lauro Olmo do Barco de Valdeorras presentaba a coprodución *Asemblea xeral*, coproducida con Sarabela Teatro. O espectáculo, dirixido a público familiar, levouse a escena con dirección de Fina Calleja a partir da escrita orixinal do autor valdeorrés Lauro Olmo e de Pilar Enciso.

Xa en xullo estreamos o espectáculo *Tartufo*, adaptación do texto clásico de Molière co que o Centro Dramático Galego participou no regreso do proxecto *NÓS-NOUS*. Esta iniciativa, de natureza internacional ao implicar institucións de Francia, Portugal e Galicia, é un espazo de creación escénica e de intercambio entre catro compañías públicas e outros tantos centros de ensino. O obxectivo é promover tanto a profesionalización como a internacionalización de estudantes no treito final do seu período académico, ao poñelos en contacto con figuras consolidadas do sector teatral. Ademais do CDG, a ESAD (Escola Superior de Arte Dramática) en Galicia (Vigo), a ESMAE (Escola Superior de Música e Artes do Espectáculo), o Teatro São João do Porto, a Escola Superior de Teatro e Cinema (ESTC), o Teatro Nacional Dona María II de Lisboa, a L'École Nationale Supérieure des Arts et Techniques du Théâtre (Escola Nacional de Artes e Técnicas Teatrais, ENSATT) na cidade de Lyon e o seu teatro oficial Les Celestines integran esta iniciativa baixo o paraguas do programa europeo Erasmus+ nun Convenio K2 firmado entre os tres países.

O teatro Municipal de Maltepe, en Istambul (Turquía) acolleu o 10 de outubro a primeira representación pública de *Tolo*, espectáculo coproducido polo Centro Dramático Galego co colectivo galego Cinema Sticado (Xosel Díez e Helena Varela Barrio) e o turco Tíyatros Eksen. No marco da colaboración que o CDG mantén coa Eurasia Theater Association xorde esta produción baseada na obra *Diario dun loco*, do dramaturgo ucraniano Nicolái Gogol (1809-1852). O espectáculo reúne diferentes linguaxes escénicas, personaxes interpretados por actores reais e outros por monicreques baixo a dirección do turco Kubilay Erdelikara. A montaxe representouse despois en Galicia como parte da programación do festival Galicreques en Santiago de Compostela.



O número de funcións realizadas polas nove coproducións do CDG en 2022 superou o de 170.

Canto ao eido da danza, o ano arrincou con *Nó*, da compañía Elahood, coa que se completou o calendario de estreas das seis pezas apoiadas a través das convocatorias de coprodución do Centro Coreográfico Galego dos dous anos anteriores. Esta nova proposta de danzas urbanas, baixo a ollada da creación contemporánea, propón unha viaxe onírica, estirando e deformando o significado do que é importante. Realizou cinco funcións en 2022, que se suman ás nove levadas a cabo por Colectivo Glovo con *Tabú* e ás seis de Nova Galega de Danza con *Credo*, que son os outros dous títulos procedentes desa mesma convocatoria.

No mes de xullo anunciamos as novas coproducións do CCG ao abeiro da convocatoria de 2022, e das que ao longo do ano se levaron a cabo máis de 20 funcións. Trátase dos novos espectáculos de danza de Kirenía Martínez Acosta, Janet Novás e Paula Quintas, que se distribúen 54.000 euros para o desenvolvemento de cadansúa proposta escénica.

A compañía de Kirenía Martínez repite como adjudicataria do programa e faino con *Afectos*, espectáculo co que culminará a súa *Triloxía dos vulnerables*. Esta saga, iniciada antes da irrupción da Covid-19, realiza un achegamento coreográfico aos movementos migratorios desde unha perspectiva global.

Pola súa banda, Janet Novás dá con *Proto* un paso adiante na evolución artística que está a marcar a súa traxectoria nos últimos anos. Este novo proxecto pretende erguer os materiais que lle xurdiron na peza *Imaginé cinco corpos y ninguno era mío* e poñelos en diálogo con ese desexo de contemplación que agromou no seu último solo escénico, *Where is Janet?*

Completa a listaxe *O salón dos pasos perdidos*, de Paula Quintas coa colaboración do Colectivo Glovo e de Galicia Danza Contemporánea, espectáculo no que conflúen os impulsos creativos de diferentes profesionais e colectivos destacados da nosa danza. A montaxe xunta catro camiñantes impulsadas polo sentido purificador que se atopan na peregrinación común da vida. A reflexión sobre o tempo, o espazo e mais o territorio na construción dunha memoria conxunta son algunhas das claves da peza.



3 | MÚSICA





A actividade de profesional no eido da música foi desprendéndose en 2022 dos efectos negativos que trouxo a crise sanitaria en todos os ámbitos culturais e que se sentiu especialmente nos eventos de maior afluencia de público, como foron os festivais e os concertos de música máis multitudinarios. Porén, ao longo do ano foron recuperándose ata cifras de prepanemia os niveis de cabida dos recintos, tanto en espazos pechados como ao aire libre, circunstancia que coincidiu cun momento creativo moi frutífero. ■ Neste contexto, unha das ferramentas principais posta en marcha pola Xunta para canalizar a axuda extraordinaria cara ás empresas, o Hub Audiovisual e da Industria Cultural, achegoulle importantes e novas fontes de financiamento ao sector musical, materializando iniciativas como as contempladas na liña dirixida aos proxectos musicais profesionais para promover tanto o talento artístico como o exercicio empresarial. ■ Tamén a adxudicación da aceleradora musical á Fundación Paideia permítenos agardar novas oportunidades de crecemento para os artistas e os seus equipos de traballo, con resultados seguros que iremos coñecendo a partir de 2023. ■ Ademais, a continuidade de programas xa consolidados como a reactivación da Rede Galega de Música ao Vivo, as subvencións a festivais do sector ou o marco de patrocinio asentado en FEST Galicia completou as principais accións nos nosos cometidos de apoio á produción, á distribución, á internacionalización e mesmo á formación e innovación no que respecta á música en Galicia.



3.1 Apoio á produción

En 2022 puxemos en marcha unha nova medida de apoio á industria musical: a **aceleradora cultural de proxectos musicais**. Dotada con 240.000 euros ao abeiro dos fondos Next Generation EU e do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, o seu obxectivo é estimular a profesionalización empresarial do sector, ao tempo que se impulsa a carreira de artistas emerxentes.

Tras unha convocatoria pública, a Fundación Paideia Galiza resultou adxudicataria para a organización deste programa arredor de dúas fases. A primeira consiste na realización de consultarías individualizadas e grupais, tanto presenciais como telemáticas, con diferentes accións de mentorización arredor de cada un dos proxectos seleccionados co foco posto na proposta artística, produción, promoción, comercialización e modelo de negocio. Tras investir 70 horas de actividade en cada un dos participantes nesta primeira fase, resultará a creación e gravación dos correspondentes produtos musicais, así como a elaboración dos seus plans de negocio.

A segunda etapa céntrase na promoción e difusión dos proxectos a través da súa participación en circuitos de concertos, festivais, encontros cos medios de comunicación e asistencia a foros e mercados profesionais, dentro e fóra de Galicia, ademais de nun evento final de presentación das propostas con actividades de *networking* e reunións personalizadas.

Coa posta en marcha deste programa, ábrese un proceso de vertebración sectorial a través do que se busca acelerar o crecemento do tecido empresarial e profesional da nosa industria musical, ademais de definir e analizar as necesidades dos proxectos musicais emerxentes co fin de impulsalos e consolidalos tanto a nivel nacional como internacional. Búscase igualmente mellorar o seu acceso ao mercado e ao financiamento, así como favorecer sinerxías de encontro e colaboración artística e empresarial dentro do seu ámbito e do conxunto da industria cultural.

A iniciativa naceu para impulsar ata 12 proxectos musicais a través dunha convocatoria que permaneceu aberta ata finais de ano para resolverse en 2023.



3.2 Apoio á difusión e distribución

Neste marco de acción en 2022 demos un salto cuantitativo e cualitativo no apoio á promoción e difusión de artistas e grupos musicais coa posta en marcha da nova convocatoria de axudas ao talento musical galego, na que investimos máis dun millón de euros e que beneficiou 29 solistas e grupos da man das súas 11 empresas promotoras no marco do Hub Audiovisual e da Industria Cultural.

Así, na modalidade A para propostas arredor dun só artista ou grupo, resultaron adxudicatarias con axudas de ata 40.000 euros as empresas Cas d'Oleiro para a promoción da banda Brath; Culturactiva para Guadi Galego co que será o seu novo álbum, *Roiben*; Lospregos para a creación, desenvolvemento e difusión do novo traballo discográfico de Budiño; Nordesía Producións para *A Pedreira*, o proxecto en solitario de Ugia Pedreira; Xabier Díaz; e Xonix Records para a carreira musical de Pauliña.

Na categoría B apoiáronse cinco promotoras para levar a cabo proxectos de difusión arredor dun mínimo de catro solistas ou bandas, con subvencións que van dos 110.000 aos 200.000 euros. É o caso de Boyanka Kostova, Carlangas, Niños Mutantes, Ortiga e Shego, presentados por Ernie Producciones; Eladio y Los Seres Queridos, Furious Monkey House, Pablo Lesuit e Xoel López, por EsmerArte; Ailá, Astarot, Quico Comesaña, Luar na Lubre e Sés, por Kalderon Producciones; Adhara & Ritman, La Casa de Los Ingleses, Robert Pier e Sheila Patricia, por MusicArte Rey Saavedra e García MC, Laura Lamontagne & Pico Amperio, Pakolas, Sendarúa e Tanxugueiras, por Play Plan Cultural.

Con esta nova convocatoria queremos contribuír directamente á promoción dos artistas en diferentes fases, que van desde a análise e implementación de ferramentas para o desenvolvemento do talento musical ata a internacionalización, pasando pola súa introdución e consolidación no seo da industria.

As contías adxudicadas son para asumir ata o 70% dos gastos de cada proxecto que teñan que ver con produción, comercialización e márketing, promoción e comunicación, distribución dixital, concertos e xiras, consultaría e persoal, entre outros. A apertura desta vía de apoio foi o resultado dun proceso de diálogo coa Asociación Galega de Empresas Musicais (AGEM), colectivo que agrupa as principais compañías de *management* e axencias artísticas galegas, co obxectivo de apoiar toda a cadea de valor que permite o impulso das carreiras musicais.

Canto ás subvencións ás **actividades de distribución** no eido musical, dotadas con 230.000 euros para impulsar a exhibición da produción artística do sector galego da música, concedéronse 191 axudas destinadas a concertos. Promoveuse así a asistencia de bandas, distribuidoras e firmas discográficas galegas en citas destacadas no panorama internacional —Womex Lisboa 2022, Cubadisco da Habana ou The Great Scape— e no estatal —Primavera Pro de Barcelona, Mercat de Música Viva de Vic ou Fira B! das Illas Baleares—.

A través desta liña contribuímos na xira de 18 concertos de Carlos Núñez por escenarios e festivais de España, Francia e Inglaterra. Colaboramos tamén coa presentación do terceiro disco de Xabier Díaz xunto ás Adufeiras de Salitre, *As Catedrais silenciadas*, para afrontar a xira de 13 concertos con paradas en Castela e León, País Vasco, Asturias, Aragón, Madrid e Portugal. Outro dos beneficiarios foi o violinista Alfonso Franco para o conxunto dos seus 11 recitais en Brasil e Portugal. A eles súmase, entre outros, a distribuidora Culturactiva SCG para cofinanciar os gastos de artistas tan destacadas da nosa produción melódica como son Guadi Galego, Mercedes Peón ou Leilía.

Co cofinanciamento dos gastos que asumen as empresas na busca dunha maior difusión do seu traballo, impulsamos a distribución e comercialización dos produtos culturais galegos dentro e fóra da nosa Comunidade, ao tempo que fomentamos a captación de públicos e facilitámoslle á cultura galega o acceso a novos mercados internacionais.

Festivais

Outra importante liña de apoio á difusión céntrase nos festivais. O seu carácter estratéxico levounos a incrementar a dotación na modalidade específica para encontros musicais ata os 350.000 euros, un 3% máis que o ano anterior. Colaboramos así ao progresivo regreso aos formatos e niveis de capacidade previos á crise sanitaria. En 2022 foron 21 citas, dúas máis que en 2021, das que cinco se estrearon como beneficiarias destas axudas: Música na Rúa de Escarón, Ouren Sound de Ourense, Nachiños Fest de Ferrol, Barbeira Season Fest de Baiona e Loro Facu de Miño.

Ademais, do total de citas adxudicatarias seis celebráronse baixo a marca FEST Galicia. Foron Vive Nigrán Picnic Pop Festival, Festival Sinsal SON Estrella Galicia, Ribeira Sacra Festival, Son Rías Baixas, Festival de la Luz e Underfest Son Estrella Galicia.

Melonafest (6ª edición, do 14 ao 16 de abril). Santiago de Compostela acolle este festival organizado polo colectivo La Melona para facilitar a comunicación entre artistas, bandas, salas e espazos a prol da oferta cultural da cidade. Ofreceu 16 concertos con nomes como Aplauso F5, Beatrix Weapons, Chill Mafia, CRNDS, Conféncia Inferno, Dani ou Da Rocha UM.

Ouren Sound Fest (7ª edición, do 27 ao 29 de maio). Ofreceu 16 concertos cun cartel encabezado por Rayden, Sés, Dakidarria, Xoel López, Tanxugueiras e Los Rastreadores. Pensado para desfrutar en familia, o recinto no que se celebrou, Benposta, habilitouse con espazos deseñados tamén para o público infantil.

PortAmérica (10ª edición, do 2 ao 4 de xuño). Desenvolvido en Portas e Caldas de Reis, volveu combinar música, gastronomía e natureza para proporcionar unha experiencia integral de cultura e ocio. Os seus escenarios acolleron máis de 40 actuacións de artistas nacionais e internacionais como Bizarrap, Nathy Peluso, Xoel López, Wos, Baiuca ou Lori Meyers. Como novidade houbo sesións vermú con sete actuacións de acceso gratuito.



Resurrection Fest (15ª edición, do 29 de xuño ao 3 de xullo). Con Judas Priest, Deftones, Sabaton e Gojira como cabeza do cartel, a edición máis ampla do maior festival de hardcore/punk e metal da Península Ibérica xuntou en Viveiro máis dun cento de bandas e artistas que actuaron en catro escenarios.

Atlantic FEST (6ª edición, do 15 ao 17 de xullo). Desenvolvido en Vilagarcía de Arousa, volveu en 2022 ao seu formato orixinal na Praia da Concha con máis de 20 concertos distribuídos en catro escenarios. No patrocinado polo Xacobeo 21-22 actuaron Fangoria y Nancys Rubias, Quique González, María Arnal i Marcel Bagés, Andrés Calamaro e Izal. Completouse cunha programación cultural do 12 ao 31 de xullo baixo o nome *Vilagarcía viva*.

Música na Rúa (12ª edición, do 4 ao 7 de agosto). Ofreceu en Escarón un cartel de 35 bandas da escena alternativa e emerxente como Soto Asa, Rusowsky, Albany, Sita Abellán ou Chill Mafia, entre outros. A programación completouse con actividades paralelas que incluíron rutas en kayak e de sendeirismo, coloquios e un ciclo de cinema. O obxectivo do evento é revitalizar o rural a través da música.

Loro Facu (6ª edición, 5 e 6 de agosto). Festival dedicado á música e á arte que ten lugar en Miño. Xuntou unha vintena de artistas con nomes como Triángulo de Amor Bizarro, Shego, Viva Belgrado, Boyanka Kostova, Biela ou Mundo Prestigio. Houbo ademais obradoiros de artesanía centrados na estampación manual, transfer+bordado e en coroas de flores.

Nachiños Fest (3ª edición, 19 e 20 de agosto). Ferrol acolle este festival que xuntou 13 artistas e bandas como Cariño, Carolina Durante, Sen Senra, Flaca e Baiuca. No marco do seu compromiso coa sustentabilidade organizou actividades a prol do medio natural como limpeza de praias e de especies invasoras, recollida de roupa para facilitar a súa reutilización, charlas sobre sustentabilidade e un mercadillo solidario.

Festival dos Eidos (7ª edición, do 26 ao 28 de agosto). Organizado pola Fundación Uxío Novoneyra, celébrase na casa natal do poeta en Folgoso do Courel. A música puxérona o dj Sergio Canay, Clo Plas, The Rimbaud Company, Radio Océano, Ruper Ordorika, Dj Tristán, Xico de Cariño, Alberto Mvundi Trío e Enxeito. Un ano máis os recitais e demais accións arredor da poesía foron o eixo central da programación, na que tamén houbo exposicións, audiovisuais, encontros formativos e o xa clásico roteiro de avistamento de paxaros.

Barbeira Season Fest (4ª edición, do 31 de agosto ao 4 de setembro). Xuntou unha trintena de artistas en Baiona que actuaron en diferentes escenarios, un deles patrocinado polo Xacobeo 21-22. Entre os nomes que conformaron o cartel estiveron León Benavente, DePedro, La Habitación Roja, Zahara e Triángulo de Amor Bizarro. O público puido gozar tamén de propostas paralelas como charlas, firmas de libros, catas e actividades acuáticas.

Revenidas de Vilaxoán (18ª edición, do 7 ao 11 de setembro). Presentou a súa edición máis ambiciosa, prolongándose durante cinco días para xuntar en Vilagarcía de Arousa máis de 40 artistas do panorama galego, nacional e internacional como Baiuca, SFDK ou Dubioza Kolektiv. Enmarcado nos



Concertos do Xacobeo, mesturou unha vez máis a música con distintas actividades gastronómicas e actividades interdisciplinarias ligadas ao territorio e á cultura mariñeira.

WOS Festival x SON Estrella Galicia (8ª edición, do 8 ao 11 de setembro). Tamén enmarcado nos Concertos do Xacobeo, desenvolveuse en diferentes espazos de Santiago de Compostela, mantendo a aposta por mostrar o universo da creación contemporánea e da música de vangarda. Nos concertos contou con figuras como Aho Ssan & KMRU, Blackhaine, Caterina Barbieri, Huerco S.,

Pan-American, Prison Religion ou Sofie Birch, ademais de ofrecer mesas redondas e cine.

Canteira Fest (16 e 17 de setembro). Celebrado na Canteira de Paredes, en Vilaboa, contou con 14 concertos no seu cartel, con nomes como Tanxugueiras, High Paw, Huntza, Punkiereteiras, Jinetes del Trópico e a Banda de Música de Vilaboa, entre outros. Houbo ademais zona gastronómica, coloquios, obradoiros e postos de artesanía, ademais dun espazo para crianzas.

Maré. Música e Artes Atlánticas (18ª edición, do 21 ao 25 de setembro). No marco do programa Concertos do Xacobeo, ofreceu en distintos escenarios de Compostela unha trintena de propostas a prol do intercambio cultural entre territorios que comparten lazos lingüísticos, históricos e sentimentais. No seu cartel déronse cita nomes como Capercaillie Symphonic & Real Filharmonía de Galicia, Guadi Galego, Barmer Boy o Sofía Viola, entre outros.

O programa de patrocinio vinculado aos festivais de música baixo a marca **FEST Galicia**, creada pola Xunta para promocionar o territorio galego como destino musical baixo criterios de calidade e sustentabilidade social, integrou en 2022 seis festivais que funcionan de xeito profesional e que se preocupan por achegarlle valor engadido á experiencia musical. Así, os 220.000 euros destinados a esta iniciativa distribuíronse entre:

Vive Nigrán Picnic Pop Festival (6ª edición, do 15 ao 17 de xullo). Con Praia América de fondo, presentou un cartel encabezado por Iván Ferreiro, Rigoberta Bandini e Miguel Ríos coa banda The Black Betty Trio. Xunto a eles actuaron Karavana, Colectivo da Silva, Grande Amore, Cool Nenas, La Bien Querida, Niña Polaca, Cariño e Eme DJ. O evento integrou tamén actividades de lecer para todas as idades, como rutas de kayak, clases de surf ou andainas.

17º Ribeira Sacra Festival (6ª edición, do 28 ao 31 de xullo). Ofreceu concertos de 15 bandas en enclaves naturais e patrimoniais de diferentes concellos. A programación sumou nesta edición unha xornada máis de duración e incluíu actividades paralelas ao redor da natureza e a gastronomía. Participaron bandas e solistas do panorama galego, nacional e internacional como Eladio y los Seres Queridos,



Rapariga DJ Coonenas, The Hanging Stars, Teenage Fan Club, Lola Marsh, Amorante, Alicia Wonder ou Manel.

Festival Sinsal Son Estrella Galicia (18ª edición, do 22 ao 24 de xullo). Celébrase na Illa de San Simón, en Redondela, sempre cun cartel sorpresa. En 2022 foron preto de 30 actuacións en distintos escenarios, entre eles un patrocinado polo Xacobeo 21-22. Neste último estiveron Sebastián Cortés, Candeleros, Fon Kid, Magia Bruta, Haepaary, Julián Mayorga, Os Amantes, Fixemberg, Santi Araújo, Lucas Estrela & Estrobo, Mula, Pako Moreno e Víktor Flores. A maiores houbo actividades como obradoiros, exposicións e rutas.

SonRías Baixas (19ª edición, do 4 ao 6 de agosto). Organizado en Bueu, recuperou o seu formato habitual e ofreceu un cartel cunha vintena de nomes destacados do panorama musical actual nos que houbo unha significativa presenza de mulleres no marco da súa aposta por unha industria musical igualitaria. Algunhas delas foron Tanxugueiras, Sara Hebe, Sofía Gabanna, JazzWoman ou Cool Nenas, ademais de artistas como Rayden, Kase.O, Delaporte, Grande Amore ou La Duendeneta.

Festival de la Luz (10ª edición, do 26 ao 28 de setembro). Celebrado en Boimorto, naceu como un evento cultural e solidario organizado pola cantante Luz Casal na súa vila natal. Ofreceu un cartel con máis de 30 actuacións a cargo de Ilegales, Mala Rodríguez, Heredeiros da Crus, Burning, DePedro, Delaporte e The Killer Barbies, entre outros. A maiores houbo os habituais espazos para a gastronomía e para a rapazada, ademais do mercado.

Underfest SON Estrella Galicia (5ª edición, do 22 ao 24 de setembro). Desenvolveuse nos principais escenarios de Vigo e en espazos singulares desta cidade con 18 concertos, con Michael Kiwanuka como cabeza de cartel xunto a nomes como Goose, Diamond Dogs, Judeline ou Doctor Explosión. O programa completouse con exposicións centradas na ilustración e o deseño gráfico musical.

A maiores destas liñas de axuda, ao longo de 2022 celebráronse numerosos festivais que tamén contaron co noso apoio:

RESIS (5ª edición, do 21 de abril ao 2 de xuño). Renovamos o apoio a este festival de música contemporánea impulsado pola Asociación Cultural Aís na Coruña. Incluíu sete concertos, mesas redondas, masterclass e un proxecto didáctico inclusivo para persoas con discapacidade visual, entre outras actividades.

Festival Internacional de Música de Ourense Pórtico do Paraíso (15ª edición, do 29 de abril ao 8 de maio). Escenarios singulares e patrimoniais da capital ourensá acolleron os recitais deste evento dedicado á interpretación e formación de música clásica a través de concertos e obradoiros impartidos por formacións de éxito internacional. Apoiamos a celebración da súa edición de 2022, que estendeu recitais a outros puntos da provincia como as igrexas de Santa María de Montederramo e Santa Cristina de Ribas de Sil.



FEST Galicia 2022

Concerto Salvado Piano-Works (15 de xuño). A pianista tudense Andrea González contou coa nosa colaboración para ofrecer no Centro Galego de Arte Contemporánea, en Santiago de Compostela, un concerto de presentación do seu disco *Salvado-Piano Works*, un álbum editado por Warner Music e co apoio da Xunta de Galicia. Nel, recupéranse seis pezas compostas por frei Rosendo Salvado no século XIX. As pezas interpretadas foron recuperadas pola propia Andrea González a partir dun traballo de investigación iniciado en 2014.

Acento (21 de xuño). A Fundación SGAE organiza en Compostela este ciclo de concertos que reivindica o uso do galego como lingua de expresión artística no marco do Día Europeo da Música. A programación deste ano formou parte tamén da conmemoración do 25º aniversario da entidade e incluíu actuacións de Caamaño & Ameixeiras, Mombói e Cool Nenas DJ.

Compostela Trad Fest (31 de xullo). O evento herdeiro do antigo Certame Folk de Santiago de Compostela enmarcouse un ano máis nas festas do Apóstolo para ofrecer música, cantos e bailes populares galegos, ademais de obradoiros, pasarrúas e recitais, con máis dunha ducia de formacións artísticas. Algúns dos nomes do cartel foron Xisco Feijóo, Sheila Patricia, Symbio, Trilitrate ou Comando Curuxás, entre outros.

MUMI. Músicas no Minho (3ª edición, do 29 de setembro ao 1 de outubro). Arredor de 200 profesionais da industria musical de Galicia e Portugal déronse cita na eurocidade Tui-Valença neste evento de intercambio artístico e técnico entre ambas as beiras da raia. O noso apoio centrouse na Zona PRO, específica para profesionais acreditados, na que colaboramos con catro dos seis faladoiros organizados xunto a outras actividades. Ademais destas, tanto público como profesionais puideron gozar de distintos concertos a cargo dunha vintena de bandas galegas e portuguesas.

Sisons Enclave Musical (do 13 ao 16 de outubro). A reunión de profesionais do sector cultural que tivo lugar en distintos espazos de Santiago de Compostela baixo a organización da promotora MusicArte contou coa nosa colaboración para o seu programa de encontros dirixidos a axentes do sector e de concertos para público xeral.

Festival de Jazz de Lugo (32ª edición, do 4 ao 20 de novembro). A Asociación de Amigos do Jazz de Lugo *Escobijazz* organiza este encontro que acolleu 26 concertos a cargo de grupos internacionais e galegos en diferentes espazos. Entre as formacións que integraron o seu programa están Valentín Caamaño Quartet, Raparijazz, Kurt Elling, Mark Turner Quartet, Sheila Jordan, João Frade Trío, Immanuel Wilkins Quartet, Cyrille Aimée, Billy Cobham Band, Gene García ou Kathrine Windfeld Big Band.

Festival de Jazz & Blues de Ribadeo (8ª edición, do 25 de novembro ao 11 de decembro). Apoiamos a celebración deste evento, que se desenvolve no Auditorio Municipal Hernán Naval da vila lucense cunha carteleira de artistas galegos, nacionais e internacionais referentes do xénero.



Contribuímos tamén á difusión da música bandística a través dun convenio anual coa Federación Galega de Bandas de Música Populares. Esta colaboración, á que destinamos 120.000 euros, materializouse en 2022 no **XV Certame Galego de Bandas**, celebrado nas xornadas do 3 e o 4 de decembro no Auditorio Municipal Ilduara de Celanova. Recupérase así este evento que tivera que ser suspendido en 2021 por mor da pandemia e fora substituído polo ciclo *O país das bandas* con máis de 90 concertos por toda Galicia. No certame déronse cita oito agrupacións que sumaron uns 400 músicos: a Banda Xuvenil de Celanova, a Banda de Música Municipal de Caldas de Reis, a Banda de Música Santádega (Coles), a Banda de Música de Lourenzá, a Agrupación Musical da Limia e a súa sección infantil Chikiband, a Banda de Música Infantil de Rubiós e a Banda Xuvenil da Escola de Música de Silleda.

Ademais deste evento mantivemos a colaboración co concurso de composición, creado co obxectivo de fomentar e estimular a composición musical como parte fundamental do patrimonio cultural galego, ademais de cubrir a escaseza de repertorio de autoría galega para ser interpretado especificamente por bandas de música.

Tamén ao abeiro da colaboración coa Federación Galega de Bandas de Música Populares a Cidade da Cultura de Galicia acolleu en xullo o V Festival de Bandas Infantís e Xuvenís, que congregou arredor de 600 rapaces e rapazas de 12 agrupacións. Nesta liña apoiouse a maiores a participación da Banda Sinfónica Galega no 19º WMC (World Music Contest) Young Generation de Kerkrade (Países Baixos), recoñecido internacionalmente como o meirande festival de bandas sinfónicas a nivel mundial. A formación galega foi convidada oficialmente pola organización do certame, que cada ano reúne máis de 20.000 músicos dunhas 250 agrupacións.

Salas de concertos

As salas de concertos xogan tamén un papel fundamental a prol da difusión e, conscientes disto, lanzamos un novo programa de apoio extraordinario para a modernización e xestión sustentable das súas infraestruturas.

Trátase dunha iniciativa enmarcada no Mecanismo Europeo de Recuperación e Resiliencia dos Fondos Next Generation EU co obxectivo de facilitarlles a estes espazos a renovación ou instalación de equipos dixitais de iluminación, vídeo e son, así como o reacondicionamento da caixa escénica ou a mellora dos sistemas de climatización, entre outras accións. Búscase tamén mellorar as condicións de traballo do persoal técnico e artístico, así como reforzar a calidade na exhibición dos espectáculos diante do público.

Algúns dos espazos adxudicatarios son, por exemplo, na provincia da Coruña as salas Garufa, INN e Pelicano na cidade herculina, A Pousada da Galiza Imaxinaria en Boiro, Sala La Room de Ferrol, A Ventana de Laxe, Sala Guión de Pontedeume, e Auditorio de Galicia e Sala Capitol de Santiago de Compostela. Lugo contou con seis entidades adxudicatarias para proxectos en Foz (Sala Bahía) e na capital da pro-

vincia (Club Clavicémbalo e salas Jagger, Morango, Tebras e Zouk). No caso de Ourense, atópase nesta listaxe o Pub Baranda do Barco de Valdeorras. En Pontevedra figuran a Discoteca Malizzia da Guarda, Sala Krazy Kray de Cambados, Auditorio Municipal de Cangas, Auditorio Municipal de Lalín, La Fabrica de Chocolate Club, Sinatra Bar e Sala Kominsky de Vigo e Bianco de Vilagarcía de Arousa.

A segunda convocatoria desta mesma liña, publicada a finais de ano e dotada con 800.000 euros, incrementará o número de espazos beneficiarios en 2022.

Nesta canle de apoios, xunto co sector sentamos as bases para a remodelación da **Rede Galega de Música ao Vivo**. Así, reunímonos cos responsables das principais asociacións representativas dos músicos, Músicas ao Vivo, e das salas de concertos, Clubtura, para impulsar as contratacións de solistas e grupos da Comunidade e reforzar a profesionalización no funcionamento deste circuito autonómico. Como resultado, en 2022 canalizouse o apoio por primeira vez a través dunha convocatoria pública na que investimos 600.000 euros destinados á organización de concertos de solistas e bandas galegas con público en directo ata setembro de 2023.

Enmarcada no Hub Audiovisual e da Industria Cultural, a iniciativa favoreceu a organización de 74 concertos con preto de 60 grupos durante o segundo semestre de 2022. A través dela reforzamos ademais a oferta de música galega, que representa o 100% da carteleira, así como a presenza feminina nos escenarios. Entre as formacións contratadas figuran Mallou, Udra Trío, Broda, Belém Tajés, Catuxa Salom, Cról, Habelas Hainas, LaMontagne & PicoAmperio, Maryland ou Valentín Camaño, dando conta da gran variedade do actual panorama musical galego en estilos como o folk, canción de autor, electrónica, pop, rock, blues, jazz ou rap, entre outros.

As 11 salas adxudicatarias foron A Pousada da Galiza Imaxinaria (Boiro), Sala La Room (Ferrol), Pub Gatos (Melide), Guión Clube (Pontedeume) e Borriquita de Belém e Casa das Crechas (Santiago de Compostela), na provincia da Coruña; o Club Clavicémbalo da capital lucense, na de Lugo; Cafe Cultural Auriense (Ourense) e A Arca da Noe (Vilar de Santos), na de Ourense; e Sala Krazy Kray (Cambados) e La Fábrica de Chocolate Club (Vigo), na de Pontevedra.

A maiores, ao longo do ano o Xacobeo 21-22 seguiu contribuíndo á difusión da música de Galicia coa súa programación especial.

Ao seu abeiro volvemos colaborar coa **Asociación Amigos de la Ópera da Coruña** para a organización da 70ª edición da Temporada Lírica a través dun convenio dotado con 150.000 euros. A posta en escena da famosa ópera de Bellini *Norma* foi un dos pratos fortes da programación, que entre setembro e decembro ofreceu unha quincena de citas para as persoas amantes do xénero lírico, entre recitais, galas e actividades formativas.

Outros destacados recitais foron o de Asmik Grigorian, as interpretacións en versión concerto de *A forza do destino*, de Verdi, e *Ariodante*, de Händel, así como a gala de conmemoración do 70º aniversario ou o concerto de clausura co tenor Roberto Alagna. Ademais, a Asociación Amigos de la ópera ofreceu un



curso de canto a cargo de Mariella Devia, a experiencia lírica inclusiva ou os apartados reservados para a proxección dos intérpretes galegos, desta volta dedicados a Lorena Paz, Susana García e Luis Cansino.

Tamén apoiamos a celebración de tres concertos en Galicia de **Benditos Malditos**, a banda que acompaña a Joaquín Sabina nas súas actuacións e gravacións desde hai máis de 25 anos. Os clásicos do cantautor soaron da súa man en Lugo, Sanxenxo e Santiago de Compostela durante o mes de agosto. A formación estivo acompañada de Carlos García-Boente, vocalista de La Penúltima Sabinera, formación de tributo a Sabina.

Outros circuítos de difusión

No eido da difusión da música cómpre sinalar o circuítos formado pola **Rede Galega de Teatros e Auditorios** (RGTA), constituída en 1996 para impulsar a distribución dos espectáculos galegos en colaboración con 40 administracións locais asociadas. En 2022 o orzamento da iniciativa superou os 1,8M€ cofinanciados ao promedio do 50% coas entidades locais xestoras, con incrementos substanciais das nosas achegas en numerosos auditorios.

A programación incluíu 27 actuacións musicais. Uxía Lambona e a Banda Molona, Herdeiros da Crus, Xisco Feijoo, Pablo Sanmamed Trío, A Banda do Verán, De Vacas ou Sheila Patricia foron algúns dos solistas e grupos que ofreceron concertos dentro deste circuítos que en 2022 recuperou a asistencia ata cifras similares ás previas á pandemia.

As contratacións destes espectáculos levámolas a cabo a través de **galescena.gal**, o principal instrumento de traballo para todos os axentes que teñan relación coas nosas programacións, como compañías, grupos de música ou programadores. Trátase dunha intraweb que facilita a xestión das nosas redes de programación, de xeito que todos os trámites de inscrición, contratación e rexistro de asistencia, entre outros, se poidan facer a través desta ferramenta.

Pola súa banda, a nova edición de **Cultura no Camiño**, este amplo circuítos enmarcado tamén na programación do Xacobeo 21-22, contribuíu un ano máis á difusión da nosa música. Foron en concreto 111 concertos os que acolleron preto de 90 municipios galegos polos que discorre algunha das rutas xacobeas.



3.3 Formación e innovación

O ciclo de **Xornadas de Industrias Musicais** organizado en colaboración coa Fundación Paideia Galiza chegou en 2022 á súa sexta edición baixo o título *A volta IN-perfecta. O retorno da música na nova era*.

A primeira das sesións celebrouse en Pontevedra moderada pola cantante, compositora e produtora Wöyza. Para abordar os retos e oportunidades da industria musical na súa reactivación tras os momentos máis complicados da pandemia, contouse coas intervencións de Campi Campón, músico, enxeñeiro e produtor, e Kaki Arkarazo, músico, instrumentista e produtor musical. Ademais os asistentes puideron gozar do directo dunha banda emerxente galega, que neste caso correu a cargo do dúo pontevedrés Paraíso Canto.

Ourense acolleu a segunda xornada, centrada no importante papel que desempeña o tratamento da imaxe en calquera lanzamento musical e que contou con Isabel Cea, da banda Triángulo de Amor Bizarro, como moderadora e con dous destacados realizadores audiovisuais como relatores: Xaime Miranda e Sergio Steel. A sesión incluíu o showcase do dúo de folk fusión Irevire.

O ciclo pechouse en Vigo coa análise das claves á hora de levar ao directo un proxecto musical, así como para conseguir destacar en concerto grazas a unha coidada posta en escena, entre outros aspectos. O músico Carlos Pereiro Carlangas, de Novedades Carminha, foi o encargado de conducir esta terceira xornada, para a que se contou cos relatorios de Violeta Hernández, da empresa de xestión cultural La Suite e promotora, entre outras iniciativas, do ciclo Nocturama de Sevilla, e Josiño Carballo, fundador da axencia de management Ernie Producciones e da discográfica homónima. A música desta terceira sesión correu a cargo de Crnds, compositor, produtor e fundador do selo independente Lindisfarne.

Ao abeiro da nosa colaboración coa Fundación Paideia organizamos tamén unha nova edición do curso para músicos e bandas emerxentes *Sonidos Mans*. A iniciativa dirixese a artistas e grupos españois que non editasen nin distribuísen de xeito comercial, co obxectivo de facilitarlles a difusión do seu traballo ao incluílo na programación de espazos e eventos musicais. Ademais, teñen a posibilidade de gravar nos Estudios Mans da Coruña.

Noutro plano formativo, máis de base e centrado no coñecemento da nosa cultura musical popular, o **Grupo de Música Tradicional** da Agadic impartiu durante 2022 nos centros escolares os seguintes talleres: *Concerto didáctico de música tradicional* e *A gaita na música tradicional galega*. Ambos buscan achegarlles a música tradicional galega ao alumnado, fomentando a educación dun público crítico e coñecedor das distintas disciplinas da nosa música popular, ademais de situala na vida cotiá e convertela nunha ferramenta formativa para o desenvolvemento dos estudantes de educación primaria.



Na primeira actividade preténdese trazar un percorrido polos principais instrumentos da música galega de raíz, para dar a coñecer as súas características musicais e de construción. Ao mesmo tempo, estes instrumentos serven para introducir os ritmos máis importantes coas súas características e usos. Na segunda, preséntase e explícase cunha breve introdución a historia da gaita. Realízase unha exposición do presente e futuro da gaita galega, facendo alusión a outros tipos de gaitas e aos instrumentos máis relevantes da música tradicional.

Esta formación impartiu na Fundación Eduardo Pondal, en Ponteceso, clases de gaita e percusión nas que se amosan os distintos elementos sonoros destes instrumentos, así como técnicas de interpretación dos mesmos. Realizou tamén un obradoiro no marco de Culturgal e concertos musicais en distintas localidades de Galicia e de Portugal.

Así, ao longo de todo 2022, contabilizáronse 50 clases de gaita e percusión e 27 talleres a cargo do Grupo de Música Tradicional da Agadic.

3.4 Outras accións de internacionalización e promoción

A expansión exterior da música galega e toda a súa potencialidade actual tivo en 2022 dúas citas importantes dentro do circuíto internacional: o Womex, líder mundial para o encontro da música popular dos cinco continentes e BIME, centrado nas sonoridades máis actuais.

Worldwide Music Expo-Womex (28ª edición, do 19 ao 23 de outubro). A música galega tivo unha destacada presenza na maior feira profesional da música tradicional e de raíz, desenvolvida en Lisboa, grazas ao noso apoio á dúca de promotoras acreditadas e á colaboración con Sheila Patricia para o concerto que ofreceu como parte do programa oficial. A delegación galega, que supuxo a representación na capital lusa de máis de 30 artistas, ocupou un expositor específico baixo a marca común GalicianTunes e rexistrou unha intensa actividade empresarial e de negocio.

BIME CITY (10ª edición, do 26 ao 29 de outubro). Igual que nos últimos anos, contribuímos a facer realidade que os grupos ou solistas poidan participar en BIME CITY 2022, un espazo onde descubrir os artistas máis prometedores da escena musical e internacional en *showcases* repartidos por salas de Bilbao. Nesta edición, a representación galega foi a cargo da cantante Dani, quen actuou o 28 de outubro no escenario do Muelle da capital biscaíña. A cooperación da Agadic con este evento tamén se articulou nun paquete de medidas encamiñadas a facilitar axudas de custo para os desprazamentos das entidades acreditadas.



Tamén no eido musical mantemos cada ano o noso compromiso cos seus galardóns específicos, os **Premios Martín Códax da Música**. En 2022 chegaron á súa novena edición da man da asociación Músicas ao Vivo e fixérono cunha reformulación das súas categorías, que pasaron de 17 a 16 ao fusionar os apartados *Músicas do Mundo* e *Reggae, Ska e Mestizaxe*. Ademais recuperouse a normal competición tras dous anos de pandemia dos tres Premios Organistrum, que recoñecen o labor de festivais, salas e medios de comunicación. A estes súmaselles o honorífico, co que cada ano se distingue unha persoa vinculada ao sector musical cunha traxectoria referente para as novas xeracións, e a incorporación de dous novos recoñecementos: Artista do Ano e Artista Emerxente. Deste xeito, na gala celebrada en outubro no Pazo da Cultura de Pontevedra entregáronse 22 galardóns.

E continuamos coa actualización de **GalicianTunes**, a marca da promoción internacional da música galega, que ten en galiciantunes.com a plataforma web da Xunta de Galicia, empresas e asociacións profesionais do sector musical que operan no noso territorio. Baixo este selo, a nosa música viaxa e está presente nas principais feiras e mercados, en festivais internacionais e en xiras e concertos dos nosos artistas fóra de Galicia, como a xa citada misión no Womex de Lisboa. E con este mesmo obxectivo, edita periodicamente compilacións musicais de carácter promocional que reúnen para o público unha selección das últimas novidades discográficas galegas. Na súa faceta de catálogo *online*, suma xa 688 artistas e grupos con perfil na plataforma, 2.898 vídeos e información de máis de 2.000 discos, aos que hai que engadirles as fichas de 34 festivais e 73 empresas.

En 2022 rexistrou 61 novas incorporacións á plataforma, na súa maioría artistas e grupos. Tamén se publicaron 82 novas na web, das que 39 foron entrevistas dos artistas e grupos destacados en cada semana, e 412 entradas en Facebook. A maiores, efectuáronse 77 accións sobre listas de reprodución, YouTube ou Spotify, creándoas ou revisándoas, sen contar a listaxe de novidades de Spotify, que se actualiza de xeito constante.

A man wearing a headset and a woman in a dark, short-sleeved top and skirt stand in a studio. The man is on the left, looking towards the woman. The woman is in the center, looking to the right. In the background, a large, stylized portrait of a man is visible. To the right, a woman is partially visible, holding a microphone. The scene is lit with blue and purple tones.

4 | ACCIÓNS TRANSVERSAIS



Moitas das nosas liñas de fomento e promoción das industrias culturais tocan de xeito transversal os distintos ámbitos profesionais e creativos aos que nos diriximos. Os principais circuitos de distribución de espectáculos (sobre todo, a Rede Galega de Teatros e Auditorios e *Cultura no Camiño*) deséñanse cada temporada cunha selección multidisciplinar. Tamén as subvencións dirixidas á modernización de infraestruturas de artes escénicas e musicais ou á adquisición de equipamentos técnicos inciden na mellora dos espazos culturais, calquera que sexa o xénero prioritario ao que se dedican, conseguindo favorecer o traballo diario dos profesionais que os habitan e a experiencia receptora entre o público. ■ Porén, hai dous proxectos específicos que teñen nesa mestura de disciplinas a súa mesma esencia e que ocupan un lugar moi destacado no noso balance de actividade anual. Un deles é de nova creación: *Territorio Cultura*. E o outro chegou en 2022 á súa 15ª edición: *Culturgal*.



4.1 Territorio Cultura

En 2022 puxemos en marcha unha nova liña de subvencións denominada **Territorio Cultura**, un programa creado ao abeiro do Mecanismo Europeo de Recuperación e Resiliencia dos Fondos Next Generation EU co obxectivo de ampliar e diversificar a oferta cultural en áreas rurais. A medida contou cunha dotación inicial de 630.000 euros para unha primeira convocatoria e doutros 661.000 euros na segunda, aberta a finais de ano para proxectos desenvolvidos ata marzo de 2023. Deste xeito a contía global ascendeu a case 1,3 millóns de euros.

Queremos así reforzar o tecido cultural galego máis alá dos grandes núcleos urbanos a través de iniciativas desenvolvidas en concellos de non máis de 30.000 habitantes e cunha densidade máxima de 100 habitantes por km². Subvenciónanse eventos e espectáculos promovidos por entidades privadas ou públicas nunha ampla variedade de manifestacións artísticas, proxectos que favorezan a experimentación, a investigación e a innovación cultural cunha concreción práctica no territorio, actividades relacionadas co patrimonio inmaterial en conexión coas tendencias contemporáneas e accións educativas e de mediación cultural.

Na primeira convocatoria do programa 15 proxectos resultaron adjudicatarios. Finalmente foron 14 os que se materializaron antes de que rematase o ano e que se desenvolveron en núcleos rurais das catro provincias.

Na modalidade destinada a entidades privadas apoiáronse sete proxectos:

- A programación expandida do **Festival dos Eidos**, organizada pola Fundación Uxío Novoneyra en Folgoso do Courel, con recitais poéticos, exposicións, rutas culturais, obradoiros, estreas audiovisuais e unha residencia literaria.
- As accións formativas e eventos de **Audacia Cultural** en Abadín e Mondoñedo para favorecer a innovación profesional, a creatividade e o emprendemento neste sector, que se concretaría despois do proxecto do festival *Mil primaveras*, arredor da figura e obra de Álvaro Cunqueiro.
- A rede **5x5** de aulas de teatro en cinco dos municipios do Camiño de Santiago (Allariz, Boqueixón, Lalín, Mazaricos e Silleda).
- O programa de residencias, formación e ciclos culturais no espazo de creación **A Casa Vella**, en Amiadozo (Allariz).
- O proxecto de produción en arte contemporánea **Vilaseco na aldea**, cos obradoiros, encontros e residencias que a galería Vilaseco desenvolve na aldea chantadina de San Cristovo de Mouricios.
- **Aldearmos**, proxecto cooperativo no que participan 15 entidades das provincias de Lugo e Ourense que integran a Rede Aldear para xerar sinerxías entre os axentes socioculturais do interior galego.



■ A proposta **A ollada de Gustav**, da compañía escénica aAntena, cunha vintena de actividades en 14 concellos do Camiño para poñer en valor o acervo cultural local a partir do traballo do antropólogo danés Gustav Henningsen en Galicia.

En canto á modalidade destinada ás entidades locais, os beneficiarios foron os seguintes concellos:

- **A Estrada** para o seu proxecto de descentralización cultural na contorna rural.
- **Vimianzo** para o programa *A costa da vida*, que busca a implicación da veciñanza e de diferentes asociacións do municipio na dinamización sociocultural.
- **Vedra** para dotar dunha nova identidade cultural e visual o espazo da estación e contribuír, deste xeito, a revitalizar toda a zona.
- **Chantada** para as actividades do *Verán cultural*.
- **Portomarín** para conxugar danza e literatura en *Portomariñeando: tecer libros e bailar*.
- **Frades** para a posta en marcha do Centro de Cultura Tradicional.
- **Monforte de Lemos** para a organización dos seus circuitos de artesanía e música galega.

4.2 Culturalgal

Un ano máis, a Xunta foi a principal institución patrocinadora de **Culturalgal**, que en 2022 celebrou a súa 15ª edición co obxectivo de anovar o modelo de feira e de fortalecer a súa dimensión profesional. O evento regresou ao Pazo da Cultura de Pontevedra a finais de novembro cunha duración de catro xornadas, unha máis cós anos anteriores, para dedicarlle de xeito específico aos axentes do sector arredor da *Xornada profesional de promoción escénica e musical de Galicia*. Participamos activamente nesta iniciativa, que conectou cos obxectivos da nova dirección da feira respecto a incrementar a presenza e a actividade profesional no evento. Deste xeito, xunto coa asociación Escena Galega e a Asociación Galega de Empresas Musicais reunimos o 24 de novembro no Pazo da Cultura de Pontevedra máis de 70 axentes do sector de Galicia e de Portugal, nunha intensa sesión de traballo desenvolvida na véspera da apertura de Culturalgal ao público xeral.

Ademais da achega económica de 65.000 euros, a Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades reforzou a súa implicación no evento coa organización de case 30 actividades das 90 previstas, con obradoiros, presentacións, concertos e representacións escénicas. Cómpre sinalar tamén o expositor renovado co que se presentou, no que a maiores se desenvolveron propostas para o público máis novo e actuacións escénicas de pequeno formato.



O *Plan Integral para a Danza de Galicia*, o programa expositivo e de residencias artísticas da Cidade da Cultura, as accións de internacionalización do Centro Dramático Galego, a colección *Lectura Fácil* xunto con Galaxia ou as novas fe-

rramentas dixitais para a difusión da poesía galego-portuguesa a través de aRi[t]mar.gal foron algunhas das iniciativas protagonistas da decena de presentacións realizadas na feira por parte dos distintos departamentos da Xunta. Así mesmo, xunto coa Asociación Galega de Empresas Musicais (AGEM) promoveuse un concerto especial cos directos musicais de Antía Muíño, Berto, Néboa e Grande Amore, mentres que o programa *TeCe redes en galego*, financiado a través do fondo de proxectos culturais Xacobeo 21-22, contribuíu coas actuacións de Baobab Teatro, Ukestra do Medio, Elefante Elegante, Talía Teatro, Migallas Teatro, Magín Blanco, Capicúa 360, Brazolinda e Esther Carrodegas.

Baixo o lema *15 anos cos fíos da Cultura*, Culturalgal 2022 sumou máis de 90 accións arredor de cinco eixes: Espazo Libro, Música+Teatro, Programa Cine, Programa Infantil e Espazo Arte. Ao tempo, puideron visitarse máis dun cento de expositores do recinto feiral e do Espazo Arte coa presenza de institucións e empresas dos diferentes sectores aquí representados, entre eles o Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC) de Santiago.

A feira galega das industrias culturais está promovida pola asociación Culturalgal, que engloba á súa vez as asociacións profesionais máis representativas do sector en Galicia, dándolles voz a unhas 200 empresas: Asociación Galega de Editoras (AGE), Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas (Escena Galega), Asociación Galega de Empresas Musicais (AGEM), Empresas Galegas Dedicadas a Internet e ás Novas Tecnocloxías (Eganet) e Asociación Galega de Produtoras Independentes (Agapi).

5 | ANEXOS

1. Liñas de subvención

TOTAL DE PROXECTOS ADXUDICATARIOS

466

TOTAL DE EUROS ADXUDICADOS

12.253.041,87€

Audiovisual

PROXECTOS
113CONTÍA
6.815.733,54€

Subvencións para a produción e coprodución de proxectos audiovisuais galegos

| PROXECTO | PERSOA BENEFICIARIA | CONTÍA |
|--------------------------------------|--------------------------------|-----------------------|
| <i>As liñas descontinuas</i> | Sétima, S. Coop. Galega | 245.747,20 € |
| <i>+Cuñados</i> | Portocabo TV, S.L. | 255.577,09 € |
| <i>Tralovento</i> | Zeitun Films, S.L. | 255.577,09 € |
| <i>Monstro</i> | Gaitafilmes, S.L. | 255.577,09 € |
| <i>San Simón</i> | San Simón, La Película, A.I.E. | 255.577,09 € |
| <i>Onte á noite conquistei Tebas</i> | Filmika Galaika, S.L. | 255.577,09 € |
| <i>Para ver o mar</i> | TEX45 Producións, S.L.U. | 255.577,09 € |
| <i>Así chegou a noite</i> | Maruxiña Film Company, S.L. | 255.577,09 € |
| <i>Xusticia artificial</i> | Justicia Artificial, A.I.E. | 255.577,09 € |
| <i>Recordos. Saúdos. Apertas</i> | Rebordelos, S.L. | 52.357,91 € |
| <i>Una historia de crímenes</i> | Ficción Producciones, S.L. | 78.639,10 € |
| <i>As estacións</i> | Filmika Galaika, S.L. | 49.149,41 € |
| <i>Véxote (e non me entero)</i> | Noemí Chantada Puíme | 14.744,83 € |
| <i>O son das abellas</i> | Alfonso Cortizo Vázquez | 14.744,83 € |
| TOTAL 14 | 13 | 2.500.000,00 € |

Axudas para o fomento e promoción de rodaxes audiovisuais que favorezan a recuperación económica do sector ao abeiro do programa Hub da Industria Creativa Galega

| PROXECTO | PERSOA BENEFICIARIA | CONTÍA |
|--|----------------------------|-----------------------|
| <i>Amigos hasta la muerte</i> | Undodez, S.L. | 279.271,20 € |
| <i>Operación Marea Negra II</i> | Ficción Producciones, S.L. | 350.000,00 € |
| <i>Tratamos demasiado bien a las mujeres</i> | Ficción Producciones, S.L. | 350.000,00 € |
| <i>Rapa II</i> | Portocabo TV, S.L. | 300.000,00 € |
| <i>Los enviados</i> | Portocabo TV, S.L. | 300.000,00 € |
| <i>Ardereis en el infierno</i> | Ardereis Movie Aie | 350.000,00 € |
| TOTAL 6 | 4 | 1.929.271,20 € |

Subvencións á creación audiovisual para a promoción do talento audiovisual galego

| PROXECTO | PERSOA BENEFICIARIA | CONTÍA |
|---|------------------------------------|---------------------|
| <i>Decorado</i> | Alberto Jesús Vázquez Rico | 5.000,00 € |
| <i>Abellón</i> | Alfonso Cortizo Vázquez | 5.000,00 € |
| <i>A mesma linguaxe (a illa de antes)</i> | Claudia Brenlla López | 5.000,00 € |
| <i>Panta rhei</i> | Lois Patiño Lamas | 5.000,00 € |
| <i>Feísmo</i> | Lorena Iglesias Lista | 5.000,00 € |
| <i>Juan Sen Terra</i> | Álvaro Fernández Fernández | 5.000,00 € |
| <i>Un novo día</i> | Gonzalo Javier Caride Baquero | 6.000,00 € |
| <i>O coidado</i> | Miguel Ángel Canalejo Sagardoy | 6.000,00 € |
| <i>Parafuso</i> | Rocío Torres Pumeda | 6.000,00 € |
| <i>Recordar con elas</i> | Carmen Méndez Lamas | 6.000,00 € |
| <i>O monstro e a nena</i> | Jorge Juan Costas Mira | 6.000,00 € |
| <i>Curmán</i> | Alejandro Iglesias Jato | 6.000,00 € |
| <i>O íntimo (de vivir unha corentena)</i> | Indígena Films, S.L. | 4.000,00 € |
| <i>Compañeiros</i> | Krakenfilms, S.L. | 4.000,00 € |
| <i>Deuses de pedra</i> | Ángel Santos Touza | 30.000,00 € |
| <i>Pausa na présa</i> | Alejandra Cristina Aguirre Ordóñez | 30.000,00 € |
| <i>Da túa man para a miña</i> | Miramemira, S.L. | 30.000,00 € |
| <i>Pulp air</i> | Henfunk Studio, S.L. | 15.000,00 € |
| <i>Nómades</i> | Mala Herba Producións, S.C.G.X | 15.000,00 € |
| TOTAL 19 | 19 | 194.000,00 € |

Subvencións a salas de exhibición cinematográfica establecidas en Galicia para proxectos de innovación, funcionamento dixitalizado e sustentable, creación e fidelización de públicos e adaptación aos novos hábitos de consumo audiovisual ao abeiro dos fondos NextGenerationUE e o Mecanismo de recuperación e resiliencia

| PERSOA BENEFICIARIA | CONTÍA |
|---|---------------------|
| Ruta de Comunicaciones, S.L. | 24.000,00 € |
| Nocturama, S.L. | 24.000,00 € |
| Cinesa Compañía de Iniciativas y Espectáculos, S.A. | 38.400,00 € |
| Cinesa Compañía de Iniciativas y Espectáculos, S.A. | 48.000,00 € |
| Numax, S. Coop. Galega | 21.600,00 € |
| Santiago Díaz García | 24.000,00 € |
| Atlántico Multicines, S.L. | 48.000,00 € |
| Sons Galiza Comunicación, S.L. | 24.000,00 € |
| Cine Donde No Hay Cine, S.L. | 26.400,00 € |
| Exhibiciones Cinematográficas Pato | 38.400,00 € |
| Coruña Films, S.L. | 38.400,00 € |
| Coruña Films | 38.400,00 € |
| Coruña Films | 25.609,80 € |
| A Coruña Films | 26.400,00 € |
| Coruña Films, S.L. | 31.200,00 € |
| Coruña Films | 26.400,00 € |
| TOTAL 10 | 503.209,80 € |

■ Axudas para a promoción de videoxogos ao abeiro do programa Hub da Industria Creativa Galega

| PROXECTO | PERSOA BENEFICIARIA | CONTÍA |
|---|---------------------------------|---------------------|
| <i>Pegadas</i> : un cómic dixital e interactivo sobre a desprotección da infancia | Melgo Cinema, Sociedad Limitada | 30.000,00 € |
| Paseo virtual por lucus augusti | Unha de Romanos, S.L. | 50.000,00 € |
| Apasiño | Iseltec, S.L. | 50.000,00 € |
| Caissa | Chessforedu, Sociedad Limitada | 50.000,00 € |
| TOTAL 4 | 4 | 180.000,00 € |

■ Subvencións a festivais do sector audiovisual celebrados en Galicia

| PROXECTO | PERSOA BENEFICIARIA | CONTÍA |
|---|--|---------------------|
| XIX Festival de Cans de Curtametraxes 2022 | Asociación Cultural e Deportiva do Porriño Arela | 31.000,00 € |
| XIII Mostra Internacional de Cinema Periférico | ESEB Asociación Cultural | 40.000,00 € |
| XVIII Play-Doc, Festival Internacional de Documentais de Tui | Asociación Cultural Enfoques | 38.473,22 € |
| Festival Internacional de Cinema Curtocircuíto 2022 | Auditorio de Galicia | 32.688,64 € |
| 15ª Edición do Festival Internacional de Curtametraxes de Bueu | Asociación Cultural Cinematográfica de Galicia FICBUEU | 17.201,08 € |
| XVII Edición da Mostra Internacional de Cinema Etnográfico do MPG | Padroado do Museo do Pobo Galego | 8.594,11 € |
| Novos Cinemas. Festival Internacional de Cinema de Pontevedra. Edición 06 | Matriuska Producciones, S.L. | 8.772,18 € |
| Festival Carballo Interplay 2022 | Concello de Carballo | 16.678,11 € |
| VII Festival de Cine Inclusivo de Vigo | Asociación Galega Audiovisual Inclusiva | 3.093,37 € |
| Galician Freaky Film Festival 2022. 6ª edición | Asociación Cultural Abella Producións | 2.087,45 € |
| Intersección 2022 | Asociación Cultural Albatros | 11.411,83 € |
| TOTAL 11 | 11 | 209.999,99 € |

■ Axudas para o desenvolvemento de paquetes de propostas audiovisuais que favorezan a recuperación económica do sector ao abeiro do programa Hub da Industria Creativa Galega

| PROXECTO | PERSOA BENEFICIARIA | CONTÍA |
|-------------------------------|--------------------------------|-----------------------|
| Miramemira_Slate | Miramemira | 120.000,00 € |
| Fridafilms_Slate | Frida Films | 100.000,00 € |
| Vaca_Slate | Vaca Films Studio, S.L. | 130.000,00 € |
| Cósmica_Slate | Cósmica Producións | 65.000,00 € |
